Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/10/2018 17:26:05

Paula Prado Del Río na data 31/10/2018 17:26:26

María Julia Rodríguez Barreira na data 31/10/2018 17:26:42

César Manuel Fernández Gil na data 31/10/2018 17:27:00

Jacobo Moreira Ferro na data 31/10/2018 17:27:08

María Isabel Novo Fariña na data 31/10/2018 17:27:20

Antonio Mouriño Villar na data 31/10/2018 17:27:39

Alberto Pazos Couñago na data 31/10/2018 17:27:52

Diego Calvo Pouso na data 31/10/2018 17:28:04



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:39
Nº Rexistro: 39554
Data envío: 31/10/2018 17:39:11.462

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 2 de febreiro de 2017 o Pleno do Concello de Gondomar aprobou a integración de Gondomar no *Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galiza na área de transporte metropolitano de Vigo*. Tamén nesa data, aprobou a consignación económica correspondente. Posteriormente trasladou á Consellería a documentación correspondente, tendo a día de hoxe todo o trámite necesario para súa inclusión no citado Convenio.

Mais, a día de hoxe o Goberno da Xunta está a impedir que a integración sexa efectiva xa que nas reunións da Comisión de Seguimento do devandito Convenio celebradas en abril de 2017 e maio de 2018 non se incluíu na orde do día a citada petición.

A cláusula 4.3.-*Operatividade* do citado convenio establece que “a comisión reunirase cunha periodicidade cando menos semestral”, polo que corresponde convocar unha nova xuntanza no segundo semestre de 2018.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:39
Nº Rexistro: 39554
Data envío: 31/10/2018 17:39:11.462

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a

1.- Convocar, á maior brevidade posible, a Comisión de Seguimento do
“*Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte
metropolitano de Galiza na área de transporte metropolitano de Vigo*”

2.- Incluír na orde do día, para que poida ser tratada e aprobada, a solicitude do
Concello de Gondomar para se incorporar ao transporte metropolitano, de xeito que a
súa veciñanza poida dispoñer da tarxeta metropolitana e beneficiarse dos descontos no
importe dos billetes, co conseguente aforro nos gastos de desprazamento.”

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:39
Nº Rexistro: 39554
Data envío: 31/10/2018 17:39:11.462

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2018 17:33:28

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2018 17:33:35

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2018 17:33:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2018 17:33:38

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2018 17:33:39

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2018 17:33:41



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:52
Nº Rexistro: 39561
Data envío: 31/10/2018 17:52:36.873

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axencia Galega de Infraestruturas publicou no DOG, o pasado 6 de agosto de 2018, o Proxecto de mellora da seguridade viaria na contorna do treito de concentración de accidentes na estrada PO 331, do P.K. 11.200 ao P.K. 14.600.

Con data 18.9.2018, a Asociación Veciñal Galiñeiro de Vincios presentou un escrito de alegación ao Proxecto coas seguintes consideracións:

1) O citado Proxecto non ten en conta as necesidades de mobilidade das persoas usuarias da vía e residentes no lugar de Vincios.

2) Cuestiona as actuacións previstas nas interseccións e propón melloras e alternativas. Concretamente nas seguintes interseccións:

- Saída Monte Galiñeiro, P.K. 12.800



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:52
Nº Rexistro: 39561
Data envío: 31/10/2018 17:52:36.873

- Saída Atalaia, P.K. 12.900

- Intersección coa estrada do Salgueiro, P.K. 13.400

- Acceso ao Centro Cultural, P.K. 13.500

- Tanto na intersección coa estrada do Salgueiro como na de acceso ao Centro Cultural poderíanse habilitar carrís centrais para permitir xiros á esquerda.

- Intersección de acceso a Santa Lucía (P.K. 13.900) e intersección de acceso a Piñeiro (P.K. 13.940)

- Intersección de acceso ao barrio da Seca

3) O proxecto non ten en conta o impacto na contorna do incremento de itinerarios e tráfico no pequeno treito que vai desde a intersección da subida ao Galiñeiro ate a Glorieta de Santa Lucía.

4) O Proxecto non ten en conta as necesidades das persoas residentes na parroquia: dificulta os desprazamentos en vehículo dentro da mesma, dificulta a mobilidade peonil debido á distancia entre os pasos de peóns proxectados, e suprime espazos empregados actualmente para estacionamentos.

5) A xustificación do Proxecto vén dada pola elevada concentración de accidentes neste treito. Cómpre ter en conta que a maior parte dos sinistros son por alcance, causados por exceso de velocidade, distraccións ou non respecto da distancia de seguridade.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:52
Nº Rexistro: 39561
Data envío: 31/10/2018 17:52:36.873

O Proxecto non contempla ningunha medida específica para asegurar que os vehículos respecten os límites de velocidade. Tendo en conta que o obxectivo principal do Proxecto debe ser a redución de accidentes de tráfico, poderíanse establecer outras actuacións como semáforos accionados por velocidade, pasos de peóns elevados ou redución da velocidade máxima.

De todo o anteriormente sinalado dedúcese que esta actuación crea na contorna unha barreira física que dificulta a mobilidade interna tanto para peóns como para vehículos, polo que o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Tomar en consideración, e responder no menor tempo posíbel, ás alegacións presentadas pola Asociación Veciñal Galiñeiro de Vincios, e, nese sentido, reformular o Proxecto de reforma da estrada PO 331 (P.K. 11.200 a P.K. 14.600) para mellorar a mobilidade interna de residentes tanto nos desprazamentos a pé como en vehículos a motor.

2. Que se inclúan no Proxecto medidas para mellorar a seguridade e previr accidentes como semáforos accionados por velocidade, pasos de peóns elevados e redución do límite de velocidade.

3. Que se desenvolvan medidas alternativas para reducir o tránsito de vehículos pola PO 331 como a potenciación da utilización da autovía AG-57



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:52
Nº Rexistro: 39561
Data envío: 31/10/2018 17:52:36.873

mediante a supresión da peaxe actual ou, transitoriamente, a redución da peaxe actual para residentes e empresas radicados no Val Miñor.

4. Que as actuacións previstas neste treito teñan en conta as características urbanas da vía, polo que debería primarse a urbanización e integración na contorna e non a transformación da travesía nunha estrada convencional.”

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2018 17:47:04



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:52
Nº Rexistro: 39561
Data envío: 31/10/2018 17:52:36.873

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2018 17:47:10

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2018 17:47:12

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2018 17:47:13

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2018 17:47:15

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2018 17:47:16



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa de **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é unha das sociedades máis avellentadas do mundo (153,7 de índice de avellentamento, o que significa que por cada 100 persoas menores de 20 anos hai 154 de 65 e máis anos), situación que, por unha parte, enriquece a sociedade, e, por outra, aumenta a demanda de necesidades de coidados e de recursos públicos de atención, e tamén redunda no aumento da taxa de persoas dependentes e do número de persoas con demencias.

As persoas de máis de 65 anos de idade requiren atencións e servizos públicos especializados para dar resposta a unhas necesidades que están soportando económica, social e psicolóxicamente as familias, e dificultan a conciliación familiar, persoal e laboral tanto se as persoas maiores son dependentes coma se non.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) recomenda ofrecer 5 prazas de residencia por cada cen maiores de 65 anos. En Galicia, cunha poboación de 665.939 persoas que superan esa idade, ofrécense 3,05 prazas por cada cen, polo que os investimentos e o gasto público da Xunta Galicia están sendo totalmente insuficientes e ineficaces para atender as necesidades da poboación avellentada. No caso do Concello de Pontevedra só hai aberta unha residencia de maiores de xestión pública, con 136 prazas.



Seguindo a recomendación da OMS, para as 19.065 persoas maiores de 65 anos residentes en Pontevedra precisaríanse 953 prazas. Mesmo comparando coa rateo galega, Pontevedra tería que ter 581 prazas. A día de hoxe, sumando as prazas públicas e as privadas, só hai en Pontevedra 1,75 prazas por cada cen maiores de 65 anos.

Contar con novas residencias nas sete cidades foi unha promesa de Feijóo no discurse de investidura, co compromiso de case 1000 prazas máis antes de fin de lexislatura. Sen embargo, no Proxecto de Orzamentos de 2019, os fondos para a residencia de Pontevedra redúcense a unha parte non especificada dos 1,2 m € destinados á provincia de Pontevedra (residencias de Vigo e Pontevedra) do “Plan coma na Casa”.

Un centro para a atención e coidado destas persoas en Pontevedra era o Asilo, rexentado pola congregación relixiosa das Irmás dos anciáns desamparados. Estivo funcionando case 130 anos e, antes do seu peche por sorpresa en 2012, residían nel 160 persoas maiores, con diferentes graos de dependencia e situación económica precaria.

O Grupo Municipal de Marea Pontevedra propón ao Pleno de dito Concello recuperar este espazo para, tras o correspondente acondicionamento, convertelo nunha residencia de maiores homologada e pública. A súa reapertura como residencia faría innecesario que a Xunta abra o Hospital Provincial ao uso xeriátrico, mantendo o seu exclusivo e xa centenario uso sanitario, como defende a plataforma SOS Sanidade Pública (e como quedou plasmado na Iniciativa Lexislativa Popular presentada no Parlamento de Galicia en 2017, rexeitada pola maioría da Cámara, do PP).



Cómpre destacar, desde a perspectiva sanitaria, a pouca distancia que media entre o Asilo ao propio Hospital de Pontevedra, ao centro de saúde e ao punto de atención continuada da Parda, ao Hospital de Montecelo (a menos de dez minutos de ambulancia), e mesmo ás estacións de ferrocarril e autobuses, o que facilitaría os desprazamentos das visitas de fóra a persoas maiores residentes.

Contar cun gran centro residencial destas características tamén sería un revulsivo a afectos de emprego, polo alto número de postos de traballo que crearía.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea propón a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a comprometerse a habilitar unha residencia de maiores de xestión pública en Pontevedra, antes de 2020, en colaboración co Concello de Pontevedra.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 25/10/2018 18:30:59

Paula Vázquez Verao na data 25/10/2018 18:31:06



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2018 12:52
Nº Rexistro: 39437
Data envío: 27/10/2018 12:52:24.822

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre o colapso dos Xulgados do Social en Lugo e as medidas que ten adoptado a Xunta de Galiza fronte a esta situación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Lugo precisa dun cuarto xulgado do social como reclaman profesionais e organizacións sindicais desde hai anos e como demostra a situación de colapso en que se atopan os tres xulgados cos que conta na actualidade.

Sirvan de exemplo para soste a anterior afirmación as demoras, de até case tres anos, que se están a producir nas citacións en procesos ordinarios e de até 6 meses para casos urxentes.

Estamos a falar de asuntos que atinxen reclamacións de salarios adebedados, reclamacións á Seguridade Social por incapacidades ou de dereitos laborais vulnerados en casos de despedimentos, por exemplo. Esta situación vulnera o dereito á tutela xudicial efectiva das traballadoras e traballadores e reforza, no ámbito laboral, a posición das empresas que vulneran dereitos e/ou incumpren as súas obrigas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2018 12:52
Nº Rexistro: 39437
Data envío: 27/10/2018 12:52:24.822

Nesta lexislatura, no concreto en xaneiro de 2017, o Parlamento de Galiza adoptou un acordo unánime para demandar a creación do cuarto xulgado do social en Lugo, porén, nas novas unidades creadas en 2018 ningunha delas atinxiu Lugo o que, como evidencian os cada vez maiores atrasos, agrava a situación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar todas as medidas que sexan necesarias para que Lugo conte, no menor prazo de tempo posíbel, cun cuarto Xulgado do Social. Entre tanto isto non se fai efectivo, que desenvolva as accións pertinentes para o nomeamento dunha xuíza ou xuíz de reforzo.”

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2018 12:52
Nº Rexistro: 39437
Data envío: 27/10/2018 12:52:24.822

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 27/10/2018 12:51:38

María Montserrat Prado Cores na data 27/10/2018 12:51:43

Ana Pontón Mondelo na data 27/10/2018 12:51:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/10/2018 12:51:46

Noa Presas Bergantiños na data 27/10/2018 12:51:47

Xosé Luis Bará Torres na data 27/10/2018 12:51:49

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea por iniciativa da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo** e dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do Artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte ***Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª***.

Exposición de motivos

Na comarca do Salnés residen máis de 100.000 persoas en 9 concellos, esta veciñanza comparte moitos servizos e infraestruturas, polo que compre analizar as súas necesidades de mobilidade de forma conxunta, a pesar diso, durante anos a Xunta de Galicia non ten feito nada para mellorar e fomentar o transporte público na comarca permitindo incluso a desaparición de liñas e servizos que xa existían.

A comarca, necesitada desta planificación e traballo, queda fóra do plan de transporte metropolitano de Galicia, xa que de facto, unicamente os veciños de Sanxenxo estarían contemplados dentro da área de Pontevedra. O plan, aínda que notoriamente insuficiente, contempla unha serie de beneficios dos que non se poderán beneficiar os veciños e veciñas do Salnés ao estar fóra do plan; beneficios como os anunciados descontos ou a gratuidade para os menores..

O partidismo e as propostas unilaterais non deben ser a saída a estas necesidades, por iso entendemos que a proposta que permita incluír a comarca no plan precisa de participación e colaboración, polo que debe ser discutida e consensuada con todos os concellos afectados, coas súas corporacións, pero tamén coa sociedade e os técnicos na materia. Non debe ser un traslado mimético do xa plantexado para áreas como A Coruña ou Vigo, debe adaptarse ás necesidades do Salnés xa que é un área extensa e moi diversa que non se caracteriza por ter un único espazo



urbano de referencia, senón que existen numerosos e variados espazos que conflúen.

É necesario, polo tanto, establecer unha mesa de diálogo que poida madurar e establecer a proposta, que contemple a mellora das conexión entre os diversos concellos, que contemple incluso a vía marítima e a ferroviaria, pero que sobre todo dea servizo e atención ao conxunto da veciñanza, por exemplo, para mellorar e facilitar o acceso ao hospital comarcal.

En base ao anterior, **En Marea** presenta a **seguinte Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a :

- 1) Incluír o Salnés no Plan de transporte metropolitano de Galicia.
- 2) Establecer unha mesa de diálogo cos concellos da comarca, os axentes sociais , os usuarios e os técnico necesarios, para establecer unha proposta de liñas e horarios de transporte público, entre os diferentes concellos da comarca que contemple non só o transporte por múltiple por estrada.
- 3) Que a proposta, entre outras cousas, conte como mínimo con:
 - a. Conexións suficientes de todos os concellos da área de saúde do Hospital do Salnés co propio Hospital.
 - b. Incremento de horarios e frecuencias dos concellos da comarca con Pontevedra e o Hospital de Montecelo
 - c. Conexións entre os núcleos de poboación e os polígonos industriais da comarca.
 - d. Incremento das frecuencias entre O Grove e Cambados con Vilagarcía e entre e a Illa de Arousa e Vilanova e, á vez, con Vilagarcía e Cambados
 - e. Mellora da comunicación entre as zonas rurais e os núcleos urbanos da comarca.



- f. Implantación de servizos específicos de acceso ás praias e tamén de acceso nocturno ás zonas de “movida” (noitebus)
- g. Mellora da comunicación coas Universidades.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputadas e vicevoceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 29/10/2018 19:21:48

Marcos Cal Ogando na data 29/10/2018 19:22:01

Antón Sánchez García na data 29/10/2018 19:22:11



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39494
Data envío: 31/10/2018 11:08:13.554

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O Celta de Vigo, por medio do seu presidente, anunciou o pasado ano 2017 o Proxecto para a construción dunha cidade deportiva e dun macrocentro comercial en Mos, nas parroquias de Pereiras e Tameiga. Trátase dunha actuación que prevé un ámbito de actuación de 864.000 metros cadrados situados en terreos cualificados como solo rústico protexido, polo que o Concello de Mos iniciou a tramitación dunha modificación puntual do PXOM para cambiar a súa cualificación a usos terciarios e dotacionais.

Todo o proceso de anuncio e tramitación deste Proxecto cheira a cacicada e cambalache, xa que primeiro faise o anuncio público, nun acto no que estaban o presidente da Xunta e a Alcaldesa de Mos, asínase un convenio entre o Celta e o Concello, e logo fórzanse os cambios legais necesarios e os informes favorábeis para facelo realidade.

A este respecto cómpre ter en conta que a modificación precisa de Avaliación Ambiental Estratéxica e diversos informes sectoriais favorábeis: ambiental, sanidade, medio rural, patrimonio... Do que se coñece ate o momento parece deducirse que hai



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39494
Data envío: 31/10/2018 11:08:13.554

unha intención previa de que estes informes sexan positivos, isto é ao menos o que se deriva do apoio ao Proxecto por parte da alcaldesa de Mos e do presidente da Xunta.

Cómpre ter en conta que aproximadamente a metade espazo corresponde a terreos de protección forestal (monte comunal de Tameiga e Pereiras), polo que se pretende impoñer unha modificación do uso para destinalos a usos comerciais lucrativos, declarando a actuación de utilidade pública para que a administración poida realizar as expropiacións e logo “vendelos” a unha empresa privada.

Por se isto non abundase e para mellor garantir a cacicada, o goberno galego ven de introducir na lei de acompañamento unha modificación da lei do solo mediante un novo artigo, 117 bis, que está pensado para facilitar o proxecto promovido polo Celta en Mos, como se pode ver no seguinte parágrafo: *poderá atribuírse a condición de beneficiario da expropiación a persoas naturais ou xurídicas, para que adquiran a propiedade de todos os bens e dereitos incluídos no ámbito de actuación, aboando o seu xusto prezo, e executen as obras de urbanización.*

Velaquí o texto completo do artigo:

“Artigo 117 bis. Modalidades de execución das actuacións no sistema de expropiación

1. A administración expropiante poderá utilizar, para o desenvolvemento da actividade de execución das actuacións no sistema de expropiación, todas as modalidades de xestión directa e indirecta admitidas pola lexislación de réxime xurídico, de contratación das Administracións Públicas, de réxime local e de ordenación territorial e urbanística.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39494
Data envío: 31/10/2018 11:08:13.554

2. Será aplicable a lexislación de contratos do sector público cando a modalidade de xestión do sistema de expropiación elixida supoña a adxudicación de contratos de obras ou de concesión regulados na indicada lexislación.

3. Así mesmo, de acordo cos principios de transparencia, publicidade e concorrencia, poderá atribuírse a condición de beneficiario da expropiación a persoas naturais ou xurídicas, para que adquiran a propiedade de todos os bens e dereitos incluídos no ámbito de actuación, aboando o seu xusto prezo, e executen as obras de urbanización.

Nos concursos públicos que a tal efecto se convoquen poderán presentar ofertas calesquera persoas físicas ou xurídicas, interesadas en asumir a xestión da actuación, incluídos os propietarios que formen parte do correspondente ámbito. A tales efectos, estes deberán ben constituír unha entidade urbanística de xestión, que terá natureza administrativa e duración limitada á da actuación, ou ben constituír unha sociedade mercantil ao efecto.

Os concursos públicos poderán ser convocados unha vez que se aprobe definitivamente o planeamento que conteña a ordenación detallada. A convocatoria deberá publicarse como mínimo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado.

As bases do concurso determinarán os criterios aplicables para a súa adxudicación, debendo terse en conta, en particular, aqueles que produzan un maior beneficio para a colectividade no seu conxunto e favorezan a atracción do investimento e creación de emprego.

As bases do concurso público fixarán os dereitos e as obrigas do beneficiario da expropiación, que actuará ao seu risco e ventura, e que comprenderán en todo caso os



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39494
Data envío: 31/10/2018 11:08:13.554

deberes de executar a urbanización e efectuar as cesións obrigatorias establecidas nesta lei.”

2. Por outra parte, o Proxecto vai ter un forte impacto negativo no monte, nas augas e na contorna tanto pola construción dos equipamentos deportivos e comerciais como pola construción dos accesos desde a autovía A55.

Ademais, o Proxecto de macrocentro comercial vai ter un impacto moi negativo no tecido comercial tradicional de Mos e da contorna: este macrocentro non está xustificado desde o punto de vista socioeconómico nin ten ningunha utilidade pública, só ten interese e utilidade como negocio privado e como fonte de financiamento da cidade deportiva. Ou dito doutro xeito, a cidade deportiva é unha escusa para instalar en terreos de protección forestal unha grande superficie comercial da que van ser beneficiarios os grandes grupos internacionais que se dedican a este tipo de negocios especulativos. A Xunta e o Concello están apoiando e facilitando un enorme pelotazo urbanístico, poñendo os intereses de grandes especulares por riba do interese público, do interese do comercio local, da veciñanza da contorna e dos usos tradicionais ambientais, sociais e produtivos do monte.

Ademais, o Proxecto conta con un forte rexeitamento por parte da veciñanza, tanto no caso da comunidade de montes de Tameiga como das comunidades de augas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Rexeitar a aprobación da modificación do Plan Xeral de Ordenación de Mos para evitar a desfeita social, ambiental e económica que provocaría o Proxecto de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39494
Data envío: 31/10/2018 11:08:13.554

macrocentro comercial promovido polo Celta de Vigo nas parroquias de Tameiga e Pereiras e porque non está xustificada a declaración de interese público.

2. Retirar a proposta de modificación da Lei do solo (artigo 117 bis) incluída na Lei de acompañamento dos orzamentos de 2019.

3. Declarar unha moratoria na autorización de macrocentros comerciais e aprobar un Plan sectorial de equipamentos comerciais e de promoción do comercio tradicional.”

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2018 11:04:58



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39494
Data envío: 31/10/2018 11:08:13.554

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2018 11:05:02

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2018 11:05:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2018 11:05:05

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2018 11:05:07

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2018 11:05:09

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Luís Villares Naveira** e das súas deputadas **Carmen Santos Queiruga** e **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.^a**.

Exposición de motivos

A Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, prevé o deber de formación da Xunta de Galicia dos membros que conforman os operativos de protección civil e emerxencias de Galicia.

Concretamente, indica o art. 46 que: “1. *Os membros dos grupos operativos teñen a obriga de realizar as actividades de formación e capacitación precisas para o exercicio das súas funcións.* 2. *A Xunta de Galicia, por si mesma ou de acordo coas entidades locais e cos organismos públicos e privados interesados, establecerá un sistema de formación que asegure a capacitación profesional do persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias*”.

Sucede a día de hoxe, sen embargo, que moitos traballadores e traballadoras integrados nos GES non poden cumprir co seu deber de formación pola imposibilidade de dispoñer de días de formación destinados a tal fin, xa que cando os cursos son ofertados, se desexan acudir a eles deben facelo con cargo a vacacións ou días de asuntos propios. Existe unha ampla casuística de discrecionalidade nos concellos á hora de conceder ou non permisos, o que redunda na perda de calidade do servizo e na perda de oportunidade de formación e promoción profesional e curricular do cadro de persoal.



O resultado final tradúcese, na práctica, na imposibilidade de recibir a formación e actualización axeitada de coñecementos precisos para a mellora das prácticas do servizo de emerxencias e protección civil.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

“ O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Ofrecer un plan de formación anual na AGASP ao que podan optar de forma efectiva os membros dos GES de Galicia.
2. Exercer as competencias que ten atribuídas na Lei de Emerxencias de Galicia para garantir que os GES disporán dos días precisos para acceder de xeito efectivo aos cursos de formación, e que estes serán a cargo da xornada laboral e non a costa das vacacións ou días de libranza do persoal”.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Carmen Santos Queiruga

Paula Vázquez Verao

Deputadas do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 31/10/2018 12:51:59

Carmen Santos Queiruga na data 31/10/2018 12:52:06

Paula Vázquez Verao na data 31/10/2018 12:52:16

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

A pesca en Galicia perde persoas ocupadas a un ritmo moi preocupante. De acordo cos datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA) para Galicia, nada menos que unha perda de 4.400 persoas ocupadas entre o primeiro trimestre de 2017 e o primeiro de 2018. Nun só ano reducíanse nun 21 % o número persoas ocupadas neste sector. Os datos para o segundo trimestre, viñeron a confirmar esta tendencia xa que reflicten o valor máis baixo desde que se elabora a información, no ano 2009. 14.200 persoas ocupadas fronte ás 23.800 do ano 2009.

Esta cuestión parece non importarlle a Feijóo que mira cara a outro lado. Tampouco a seguridade das persoas que traballan no mar, aínda hoxe estamos a vivir as repercusións da xestión temeraria e chapuceira do contrato do servizo de salvamento de gardacostas de Galicia, que deixou en mans dunha empresa un servizo de tal importancia para a seguridade dos galegos e galegas do mar, dándolle prioridade aos intereses privados fronte aos públicos.

Unha ano máis, temos que lamentar que a pesar de ter anunciado a finais de 2015, un plan de sinalización de bateas, que instalaría 105 balizas, o plan segue sen levarse a cabo. Hai preto 3.300 artefactos nas rías galegas e desgraciadamente xa houbo que lamentar perdas de vidas humanas.

A realidade que temos en Galicia é o resultado das políticas dun Goberno, no que o PP hai moito tempo que abandonou o sector. Un Goberno que no ano 2017 executou unicamente un 37 % do programa 723A, Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, programa de maior dotación orzamentaria da Consellería do Mar, e que incluía partidas como “saúde e seguridade”.

A nefasta xestión da Xunta de Galicia para acoller o Laboratorio Europeo de Control Bacteriolóxico de Bivalvos puxo de relevo unha vez máis a súa incapacidade para referenciar a potencialidade galega sobre a investigación e a súa posición predominante sobre bivalvos e produción marisqueira. As últimas informacións proporcionadas desde a Unión Europea, anunciaron e promulgaron un procedemento e unha candidatura que nunca existiu.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a modificar a política pesqueira desenvolvida nos últimos anos, promovendo un novo modelo que potencie o relevo xeracional, apostando pola calidade de vida da xente do mar, a saúde e seguridade, a formación profesional e a capacitación no sector; así como a promoción da visibilidade do traballo da mulleres do mar, favorecendo as políticas de igualdade, a utilización máxima e eficiente dos fondos europeos nas súas distintas liñas de axuda, apoiando economicamente as propostas do sector e evitando que ao remate do programa se teñan que devolver fondos á UE, potenciar unha rede galega de criadeiros e minicriadoiros de bivalvos, e de hatcheries de diversas especies que eviten a importación de crías de fóra de Galicia.

Pazo do Parlamento, 31 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 31/10/2018 12:52:02

Patricia Otero Rodríguez na data 31/10/2018 12:52:20

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/10/2018 12:52:32



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 13:26
Nº Rexistro: 39516
Data envío: 31/10/2018 13:26:23.780

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza e, especialmente, as comarcas mineiras das Pontes e de Cerceda teñen sufrido un agravio por parte do Estado español canto os seus dereitos de desenvolvemento. Fundamentalmente en dous grandes acontecementos: dunha banda, no 2011 o goberno do Estado aplicou unha redución de máis do 50% en todas as partidas do Plan do Carbón II, no que estaba incluída Galiza. Esta decisión tivo continuidade en 2012, non permitindo realizar máis asignacións e destinando os fondos ao pagamento das obrigas xa contraídas. Por outra banda, cómpre recordar que o terceiro Plan 2013-2018, en vigor, tamén asinado polo Ministerio de Industria, Carbunión e os sindicatos estatais, excluía Galiza.

Excluíuse Galiza coa escusa que as nosa minas de carbón xa non producen, mais cómpre recordar que nin no momento nin na actualidade están oficialmente pechadas, pois estamos na fase de rexeneración ambiental e labores de peche de mina, como calquera outra do Estado na mesma situación. Froito das decisións do Partido Popular Galiza fica fóra, agás para actuacións *“de carácter excepcional, ..., sempre a súa relevancia e ou seu grado de avance o xustifiquen” que nunca existen*. Polo tanto, se



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 13:26
Nº Rexistro: 39516
Data envío: 31/10/2018 13:26:23.780

ben anteriormente se nos tiña discriminado e se tiñan incumprido os compromisos, no marco vixente até o presente ano estivemos directamente excluídos como país.

No mes de outubro de 2018 fíxose público que o goberno central e o sector da minaría do carbón firmaban un acordo para a transición xusta e o desenvolvemento sostíbel das comarcas mineiras. Porén, da análise dese só pode concluírse que, unha vez máis, Galiza ficará excluída dos seus beneficios; por exemplo Galiza fica sen dereito a axudas para infraestruturas e desenvolvemento económico. Esta é unha situación inaceptábel desde o punto de vista do país, máis aínda cando paira sobre as centrais térmicas a posibilidade dun peche nun prazo curto de tempo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a cooperar cos municipios e axentes sociais implicados e dirixirse ao goberno central demandando:

1. A inclusión de Galiza no ámbito xeográfico enunciado no artigo 4.1 do Real Decreto 675/2014 en condicións de igualdade de acceso para os recursos dispoñíbeis para as comarcas mineiras do Estado.

2. Incluír a Galiza en condicións de igualdade no novo acordo marco para unha transición xusta da minaría do carbón e o desenvolvemento sostíbel para as comarcas mineiras para o período 2019-2027.

3. Contificar as achegas económicas que lle corresponden a As Pontes e a Cerceda relativas a infraestruturas no Plan do Carbón 2006-2012, e demandar do



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 13:26
Nº Rexistro: 39516
Data envío: 31/10/2018 13:26:23.780

gobierno do Estado, por todas as vías posíbeis, as cantidades que, na vixencia do Plan, non fosen empregadas nas mencionadas actuacións.”

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2018 13:21:40

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2018 13:21:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2018 13:21:48

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2018 13:21:50



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 13:26
Nº Rexistro: 39516
Data envío: 31/10/2018 13:26:23.780

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2018 13:21:51

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2018 13:21:58

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos seus deputados **María Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Exposición de Motivos

Un dos obxectivos principais da Xunta de Galicia é reforzar a calidade e seguridade da rede de infraestruturas viarias autonómica existentes, tanto con obras de mantemento, como con melloras no trazado e nas características da propia infraestrutur.

De igual xeito, nos últimos anos vén desenvolvendo un innovador Plan de Sendas que ten unha altísima incidencia na seguridade viaria dos usuarios máis vulnerables das estradas, ao tempo que facilita unha mobilidade baixa en emisións de carbono que actúa moi positivamente na estratexia de cambio climático.

Dentro destes obxectivos xenéricos, a Xunta de Galicia vén traballando en dous proxectos de mellora da estrada PO-549. Por un lado, no marco do Plan de Sendas de Galicia, coa execución de sendas peonís e ciclistas na PO-307 e na PO-549, que inclúe un importante treito da propia PO-549 a ambos lados da intersección coa PO-307.

Por outro lado, e como parte da estratexia para actuar en todos os treitos de concentración de accidentes en estradas autonómicas no marco da lexislatura, o de mellora da seguridade viaria no entorno de TCA na PO-549, entre os puntos quilométricos 8 e 9,8.

Desde este grupo parlamentario consideramos estas actuacións de grande importancia para o reforzo da seguridade viaria, e é por iso que vemos necesario que se axilicen os traballos de cara á súa execución no menor prazo posible.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formula a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Incorporar ao proxecto de mellora da seguridade viaria para a eliminación do TCA da estrada PO-549 a execución dunha senda peonil no treito entre os puntos quilométricos 7+600 e 8+300”.
2. Iniciar en 2018 a contratación dos traballos que permitan completar un itinerario seguro para peóns entre Cambados e a intersección coa PO-307 en Deiro, co obxectivo de executar as obras durante o ano 2019”.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2.018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/10/2018 14:36:40

María Julia Rodriguez Barreira na data 31/10/2018 14:36:48

Jaime Castiñeira Broz na data 31/10/2018 14:37:01

Martín Fernández Prado na data 31/10/2018 14:37:19

Diego Calvo Pouso na data 31/10/2018 14:38:51

Jacobo Moreira Ferro na data 31/10/2018 14:39:00

Marta Novoa Iglesias na data 31/10/2018 14:39:34

Gonzalo Trenor López na data 31/10/2018 14:40:35

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 31/10/2018 14:40:48

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Sandra Vázquez Domínguez, Diego Calvo Pouso e José Manuel Rey Varela**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

Navantia é unha peza estratéxica da economía non só de Ferrolterra, senón tamén de Galicia, que represente o 16% do PIB industrial da provincia da Coruña e o 24% do seu emprego industrial, cifras que son unha boa mostra do que esta empresa pública estatal significa dentro do tecido industrial e do sector naval en particular.

De feito, os estaleiros da Ría de Ferrol están contribuíndo a que nosa comunidade conte con preto de 38.500 traballadores vencellados ao sector naval e á industria auxiliar e que as afiliacións medrasen un 6% no último ano.

Para apuntalar esta recuperación, e garantir o mantemento destes postos de traballo así como a creación doutros novos, resulta esencial que Navantia sega xogando un papel destacado a través de novos proxectos construtivos como as cinco fragatas F-110 da Armada Española, que foi comprometido polo anterior Goberno de España, e que xa ten consignados unha partida próxima aos 252 millóns de euros nos Orzamentos Xerais do Estado para este 2018.

Sen embargo, a realidade a dous meses do remate do 2018 é que aínda non se ten establecida unha data para a sinatura do contrato técnico deste proxecto, sendo especialmente urxente a súa posta en marcha de cara a cumprir coa planificación establecida.

O mesmo sucede cos investimentos dirixidos á modernización das infraestruturas de Navantia en Ferrol co obxecto de integrar as novas tecnoloxías para o sector en relación coa dixitalización e o modelo Industria 4.0, na medida que resultan esenciais para a conversión en “factorías intelixentes” con capacidade de competir a nivel global nas próximas décadas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que requira do Goberno de España:

- 1) A firma, dentro deste ano, da orde de execución das fragatas F-110, un encargo imprescindible para a creación de máis de 7.000 empregos.
- 2) Garantir os investimentos tecnolóxicos e as infraestruturas que son necesarias para promover a conversión da factoría de Navantia nun Estaleiro 4.0.”.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/10/2018 14:27:08

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 31/10/2018 14:27:21

Maria Antón Vilasánchez na data 31/10/2018 14:27:33

Moisés Blanco Paradelo na data 31/10/2018 14:27:39

Moisés Rodríguez Pérez na data 31/10/2018 14:27:46

Marta Novoa Iglesias na data 31/10/2018 14:27:54

Cristina Isabel Romero Fernández na data 31/10/2018 14:28:02

Sandra Vázquez Dominguez na data 31/10/2018 14:28:09

Diego Calvo Pouso na data 31/10/2018 14:28:19

José Manuel Rey Varela na data 31/10/2018 14:28:26

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Sandra Vázquez Domínguez, Diego Calvo Pouso e José Manuel Rey Varela**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

Navantia é unha peza estratéxica da economía non só de Ferrolterra, senón tamén de Galicia, que represente o 16% do PIB industrial da provincia da Coruña e o 24% do seu emprego industrial, cifras que son unha boa mostra do que esta empresa pública estatal significa dentro do tecido industrial e do sector naval en particular.

De feito, os estaleiros da Ría de Ferrol están contribuíndo a que nosa comunidade conte con preto de 38.500 traballadores vencellados ao sector naval e á industria auxiliar e que as afiliacións medrasen un 6% no último ano.

Unha boa parte deste crecemento vén motivado pola estratexia de diversificación seguida no estaleiro en Fene, nomeadamente no ámbito da eólica mariña, que ten situado a Navantia como principal proveedor de *jackets* para os parques eólicos *offshore* Wikinger, en Alemaña, e Est Anglia One, en Escocia, entre outros.

Trátase, polo tanto, dunha alternativa en firme para ampliar as liñas de negocio e as oportunidades de emprego deste estaleiro en base ao coñecemento e a experiencia acumulada nun sector que está en pleno crecemento - instalaranse en Europa 16,5 GW de eólica mariña nos próximos cinco anos -. Unha importante capacidade produtiva que os sitúa nunha posición de vantaxe para conseguir novos contratos.

Sirva de exemplo do seu impacto que só o contrato para East Anglia One supuxo para Ferrol e a súa Comarca máis dun millón de horas de traballo, o que implicou uns 800 empregos de media durante 20 meses, chegando a picos de 1.300 e 1.500 empregos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse á Dirección da empresa pública Navantia a continuar o esforzo no eido comercial para manter a carga de traballo en obra civil do estaleiro de Fene, xa sexa a través da eólica offshore coma coa construción de buques civís”.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/10/2018 14:38:27

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 31/10/2018 14:38:39

Maria Antón Vilasánchez na data 31/10/2018 14:39:34

Moisés Blanco Paradelo na data 31/10/2018 14:40:01

Moisés Rodríguez Pérez na data 31/10/2018 14:40:07

Marta Novoa Iglesias na data 31/10/2018 14:40:21

Cristina Isabel Romero Fernández na data 31/10/2018 14:40:32

Sandra Vázquez Dominguez na data 31/10/2018 14:40:44

Diego Calvo Pouso na data 31/10/2018 14:40:54

José Manuel Rey Varela na data 31/10/2018 14:41:02

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estevez, Antón Sánchez García e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**, sobre o mando único e a coordinación dos Servizos de Prevención e Extinción de Incendios de Galicia.

Exposición de motivos

Se algo amosou a vaga de lumes que asolou Galicia entre o 14 e o 16 de outubro de 2017, derivado da total e absoluta falta de previsión da Xunta, así como dunha improvisación intolerable, foi tanto os fallos no dispositivo contra incendios (faltou organización, coordinación e disposición de medios) como no actual modelo forestal que temos en Galicia, na información á poboación, etc. Non se soubo afrontar a emerxencia nin nas vilas nin nas cidades.

Esa fin de semana fallou o dispositivo, constatándose que a Xunta de Galicia obvia as súas obrigas nesta materia, por unha banda porque o servizo de Emerxencias de Galicia está totalmente desregulado e segregado e por outro lado, porque a Lei de Emerxencias de Galicia atópase sen desenrolar dende fai máis de dez anos.

Esa desidia por parte da Xunta deu e segue dando lugar a que cada concello, deputación e incluso a propia Xunta teñan que crear diferentes corpos para prestar estes servizos, dando lugar a un conglomerado difícil de entender e de xustificar, precario e desorganizado, conformado por: bombeiros públicos en concellos de máis de 20.000 habitantes (funcionarios de carreira), bombeiros comarcais -públicos e privados-, Grupos de Emerxencias Supramunicipais



(GES), bombeiros forestais do SPDCIF, municipais, da empresa SEAGA, da empresa TRAGSA, exército, protección civil, CIAE 112, etc.

Esta atomización fai moi complicado realizar unha xestión rápida, eficiente e coordinada, producindo problemas gravísimos de comunicación (mesmo entre os distintos entes que operan nun incendio), burocracia excesiva, tempos inadmisibles de resposta, etc. Ao que se lle debe engadir unha formación precaria e desregulada, a falta de protocolos de promoción e procedementos unificados de traballo, etc.

Conforme á Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no seu artigo 14 punto 1, o PLADIGA reflectirá a política e as medidas para a defensa dos terreos forestais e das áreas de influencia forestal, englobando os plans de prevención, protección, sensibilización, vixilancia, detección, extinción, investigación e desenvolvemento, soporte cartográfico, coordinación e formación dos medios e axentes do servizo, así como unha definición clara de obxectivos e metas por acadar, a programación das medidas e accións, o orzamento e o plan financeiro e os indicadores da súa execución.

Durante a vaga de lumes producíronse multitude de incidencias no dispositivo por carecer de persoal e material para facer fronte aos lumes, descoordinación de recursos, xerando perdas de tempo e situacións de perigo para a poboación, etc. Para o persoal de extinción, o monte seguirá ardendo ano tras ano mentres a eficacia do dispositivo se ve mermada pola falta de organización e coordinación entre as distintas forzas, pois os distintos dispositivos non teñen contacto entre eles, a pesares de ser a coordinación un aspecto destacable a nivel normativo.

Durante o Pleno do Debate do Estado da Nación, o presidente da Xunta manifestou que “que a extinción e prevención dos incendios sexa pública recórdame aos soviets da Unión Soviética”, deixando claro que a idea do seu



gobierno é continuar sometendo aos servizos de emerxencias a unha progresiva perda de dereitos laborais a través de externalizacións.

Galicia arderá mentres haxa empresas que saquen beneficio do lume. Nin os medios aéreos nin os parques de bombeiros poden ser privados. O servizo de prevención e loita contra o lume en Galicia debe ser único e público, e debe estar debidamente coordinado.

Na actualidade é habitual atoparse incendios de cuarta xeración (lumes de interface que combinan lume forestal e urbano- e de quinta xeración (grandes incendios forestais simultáneos con lumes de interface masivos) que ameazan á poboación e desbordan a capacidade de extinción dos equipos, obrigando aos medios de extinción a actuar en actitude defensiva (protexer bens e persoas) sen ter apenas posibilidades de poder atacalos. Esta nova tipoloxía de lumes e as súas consecuencias superan, por tanto, a capacidade de extinción dos dispositivos máis preparados, e, por suposto, superan a capacidade de extinción de dispositivos mermados e atomizados como o actual.

Estes lumes están á orde do día, sen embargo, a Consellería de Medio Rural non contempla protocolos estruturados e eficaces de intervención conxunta entre os diferentes corpos de extinción que día a día conviven traballando nestes lumes.

Por isto, cómpre establecer protocolos, así como un mando único operativo nas emerxencias no territorio galego, mando que dirixa e coordine a actividade dos servizos de prevención e extinción de incendios, persoal de protección civil, voluntariado, persoal sanitario de emerxencias, forzas e corpos de seguridade, servizos de rescate, etc. Nos textos normativos, así como no PLATERGA e no PEIFOGA, está en certo modo recollido o mando único no caso de declaración das correspondentes situacións ou niveis de emerxencia, se ben na práctica, ate agora isto ten nulo impacto. É necesario que o mando único se execute de xeito



efectivo, se establezan mecanismos claros de designación e activación, responsabilidades, etc.

Ademais da falta de protocolos claros de coordinación, así como do mando único operativo, os dispositivos de prevención e extinción de incendios adoecen dunha formación de calidade na materia, polo que reclaman a estandarización e homoxeneidade na súa formación, xa que á hora de acceder aos seus postos de traballo, atópanse con grandes disparidades na formación de base que deben aportar, temarios, valoración de méritos formativos, oferta de formación continuada ao longo da súa vida laboral, etc.

É esencial ofrecer a estes dispositivos unha formación regrada, de calidade, e continuada, na que se preste especial atención aos problemas das multiemerxencias e aos novos tipos de incendios, así como á formación psicolóxica para saber como afrontar certas situacións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Reforzar e executar o mando único operativo e real de todas as emerxencias de Galicia, garantindo a coordinación de todos os corpos.
2. Aprobar un Protocolo de Coordinación dos dispositivos de prevención e extinción de Incendios co resto dos organismos, estruturas e recursos dedicados a este fin.
3. Implementar protocolos claros de comunicación, coordinación e actuación entre os diferentes dispositivos que actúan na extinción de incendios.

4. Implementar un protocolo claro, incluído un sistema de comunicación perfectamente habilitado para intervir en Portugal de ser preciso, e viceversa, tal e como se indica no PLADIGA.
5. Implementar con urxencia protocolos de actuación para os lumes de interface, onde mínimo actúan bombeiros urbanos e forestais.
6. Ofrecer unha formación regrada, continuada, calendarizada e de calidade aos dispositivos que traballan na prevención e extinción de incendios.
7. Levar a cabo probas e simulacros de coordinación entre os diferentes dispositivos intervintes na extinción de incendios.
8. Destinar o orzamento preciso para implementar as citadas medidas.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 31/10/2018 15:51:15

Antón Sánchez García na data 31/10/2018 15:51:23

Luis Villares Naveira na data 31/10/2018 15:51:40



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:23
Nº Rexistro: 39540
Data envío: 31/10/2018 17:23:33.420

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A autovía AG 57 é un vial de 22,6 km que comunica o Val Miñor (concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar) con Vigo, o resto de Galiza e Portugal. Na práctica debería funcionar como unha circunvalación dos citados concellos e como unha alternativa para evitar a conxestión e o elevado tráfico na estrada Vigo-Baiona, unha vía na que se producen importantes retencións, sobre todo no verán e principalmente na zona da Ramallosa, principal nó de conexión dos tres concellos; e na estrada PO 331 ao seu paso por Víncios (Gondomar), fundamentalmente no tramo p.k. 11.200 ao p.k. 14.600., a zona céntrica e máis habitada da parroquia, onde a densidade de tráfico provoca moita inseguridade para as persoas e unha importante contaminación acústica e ambiental.

2. A autovía AG 57 é unha vía de peaxe, con unha concesión que remata en 2045, e que xestiona o grupo Itínere. Esta situación supón unha discriminación para as persoas que residen no Val Miñor e as que de desprazan a esta comarca posto que



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:23
Nº Rexistro: 39540
Data envío: 31/10/2018 17:23:33.420

outras zonas do país con características similares (Baixo Miño, O Morrazo, O Barbanza) teñen autovías libres de peaxe.

3. A supresión da peaxe nesta autovía é unha demanda social e institucional que conta con amplo respaldo na comarca, incluíndo o apoio dos plenos dos concellos.

4. A eliminación da citada peaxe tería importantes repercusións positivas para o Val Miñor:

- Mellora da mobilidade xeral na comarca, desconxestionando a estrada Vigo-Baiona e eliminando tráfico de paso polos núcleos urbanos.

- Mellora da conectividade e competitividade dos parques empresariais da Pasaxe-Vincios (Gondomar), de Porto do Molle (Nigrán) e tamén co Parque Tecnolóxico Loxístico de Valadares (Vigo).

- Conexión directa, rápida e gratuíta co hospital de referencia da comarca, o Álvaro Cunqueiro, e tamén con outros equipamentos administrativos e de servizos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Realizar un estudo para avaliar a posibilidade de rescate da concesión da autovía AG 57.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:23
Nº Rexistro: 39540
Data envío: 31/10/2018 17:23:33.420

2. Iniciar os trámites para a supresión da peaxe na autovía AG 57 ou cando menos, transitoriamente, para abaratar o custo para a veciñanza e empresas instaladas nos concellos do Val Miñor.”

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2018 17:14:23

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2018 17:15:19

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2018 17:15:21



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:23
Nº Rexistro: 39540

Data envío: 31/10/2018 17:23:33.420

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2018 17:15:24

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2018 17:15:26

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2018 17:15:27

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a**.

Exposición de motivos

O nematodo da madeira do pino (*Bursaphelenchus xylophilus*) é un microorganismo de apenas dous milímetros, procedente de América do Norte, que ameaza os bosques de Galicia. Iniciou unha praga en Portugal no ano 1999 e agora xa afecta á metade do territorio do país veciño. A situación en Galicia non é aínda tan extrema, pero na última década detectáronse xa seis focos críticos en España, dos cales dous están en Galicia, outros dous en Castela e León e dous máis en Estremadura.

O nematodo ataca a madeira de pino colaborando con outra especie, que é a que lle permite desprazarse entre as árbores e infectalas, provocando a súa morte no transcurso dun só mes. O insecto co que colabora é o longicornio do pino, un escaravello que se alimenta das ramas novas e tenras do pino. O escaravello leva ao nematodo ata árbores que doutro xeito lle serían inaccesibles e o nematodo debilítaas para que o escaravello se poida aproveitar delas.

O clima actual, moi seco e con altas temperaturas durante períodos prolongados, favorece a expansión do nematodo, polo que cómpre estar moi alerta para adoptar as medidas de prevención e control oportunas, e evitar que se agraven moito os danos ao medio ambiente e ao comercio de madeira.



Investigadores da Universidade Politécnica de Madrid e do Joint Research Centre da Comisión Europea, en Italia, desenvolveron un modelo predictivo que calcula o avance do nematodo. O modelo anticipa a difusión da praga “determinando as áreas de maior risco e permitindo así empezar a aplicar nesas zonas as medidas de control máis efectivas para deter, ou polo menos, ralentizar, o seu avance e a magnitude dos danos que provoca”. Segundo os investigadores, o nematodo pode instalarse definitivamente en Galicia e no oeste do país durante os próximos anos.

Para evitar que o nematodo cause estragos irreparables no noso territorio é preciso e urxente que se leven a cabo tarefas de detección precoz e de eliminación das árbores infectadas, así como trampeos masivos de escaravellos.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver medidas de detección precoz e de eliminación de árbores infectadas, así como de trampeos masivos, que eviten a expansión da praga do nematodo polo noso territorio.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e vicevoceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 31/10/2018 16:45:13

Antón Sánchez García na data 31/10/2018 16:45:22

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu portavoz, e a iniciativa dos deputados e deputadas, **Paula Prado del Río, María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago e Diego Calvo Pouso** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As actuacións de Protección Civil non se poden ver limitadas a meros ou simples accidentes ordinarios senón que van máis aló como a intervención en situacións de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, así como en eventos de previsible afluencia masiva de participantes que require dunha adopción de medidas de emerxencia axeitadas á situación.

Foron moitas as intervencións nas que ten participado Protección Civil, dende inundacións ata terremotos pasando por plagas, epidemias ou erupcións volcánicas. Pero é en 1982, con motivo do campionato mundial de fútbol e coa visita do Papa Juan Pablo II cando se produce un maior coñecemento de protección civil por parte da sociedade en xeral, xa que foi precisa a incorporación dun número elevado de voluntarios, en aras de contar cos mellores servizos de orde e asistenciais, para facilitar a organización destes acontecementos cunha afluencia masiva de participantes.

A condición de servizo público fai necesaria a incorporación de persoas voluntarias para participar nas equipas de Protección Civil das diferentes entidades ou organismos que operan en Galicia.

Conscientes desta necesidade, o Partido Popular de Galicia recolleu no seu programa electoral para o ano 2016 o seguinte compromiso: “Incentivaremos e dinamizaremos a participación da sociedade en tarefas de protección civil a través de campañas de promoción do voluntariado, de captación de novos membros e promovendo o recoñecemento social e institucional da labor deste persoal voluntario, continuando a formación e axudas para o funcionamento das Agrupacións de Voluntarios de Protección civil”. Cremos que é o momento de poñer en marcha esta medida e facelo a través dun acordo parlamentario.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dinamizar a participación da sociedade en tarefas de protección civil a través de campañas de promoción do voluntariado, de captación de novos membros e da promoción do recoñecemento social e institucional do labor deste persoal voluntario ”

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/10/2018 17:18:07

Paula Prado Del Río na data 31/10/2018 17:18:28

César Manuel Fernández Gil na data 31/10/2018 17:18:46

Jacobo Moreira Ferro na data 31/10/2018 17:18:52

María Isabel Novo Fariña na data 31/10/2018 17:19:08

Antonio Mouriño Villar na data 31/10/2018 17:19:26

Alberto Pazos Couñago na data 31/10/2018 17:19:55

Diego Calvo Pouso na data 31/10/2018 17:21:46



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:39
Nº Rexistro: 39553
Data envío: 31/10/2018 17:39:01.442

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 2 de febreiro de 2017 o Pleno do Concello de Gondomar aprobou a integración de Gondomar no *Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galiza na área de transporte metropolitano de Vigo*. Tamén nesa data, aprobou a consignación económica correspondente. Posteriormente trasladou á Consellería a documentación correspondente, tendo a día de hoxe todo o trámite necesario para súa inclusión no citado Convenio.

Mais, a día de hoxe o Goberno da Xunta está a impedir que a integración sexa efectiva xa que nas reunións da Comisión de Seguimento do devandito Convenio celebradas en abril de 2017 e maio de 2018 non se incluíu na orde do día a citada petición.

A cláusula 4.3.-*Operatividade* do citado convenio establece que “a comisión reunirse cunha periodicidade cando menos semestral”, polo que corresponde convocar unha nova xuntanza no segundo semestre de 2018.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:39
Nº Rexistro: 39553
Data envío: 31/10/2018 17:39:01.442

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a

1.- Convocar, á maior brevidade posible, a Comisión de Seguimento do
“*Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte
metropolitano de Galiza na área de transporte metropolitano de Vigo*”

2.- Incluír na orde do día, para que poida ser tratada e aprobada, a solicitude do
Concello de Gondomar para se incorporar ao transporte metropolitano, de xeito que a
súa veciñanza poida dispoñer da tarxeta metropolitana e beneficiarse dos descontos no
importe dos billetes, co conseguente aforro nos gastos de desprazamento.”

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:39
Nº Rexistro: 39553
Data envío: 31/10/2018 17:39:01.442

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2018 17:34:23

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2018 17:34:27

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2018 17:34:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2018 17:34:31

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2018 17:34:32

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2018 17:34:35



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:52
Nº Rexistro: 39560
Data envío: 31/10/2018 17:52:27.927

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axencia Galega de Infraestruturas publicou no DOG, o pasado 6 de agosto de 2018, o Proxecto de mellora da seguridade viaria na contorna do treito de concentración de accidentes na estrada PO 331, do P.K. 11.200 ao P.K. 14.600.

Con data 18.9.2018, a Asociación Veciñal Galiñeiro de Vincios presentou un escrito de alegación ao Proxecto coas seguintes consideracións:

1) O citado Proxecto non ten en conta as necesidades de mobilidade das persoas usuarias da vía e residentes no lugar de Vincios.

2) Cuestiona as actuacións previstas nas interseccións e propón melloras e alternativas. Concretamente nas seguintes interseccións:

- Saída Monte Galiñeiro, P.K. 12.800



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:52
Nº Rexistro: 39560
Data envío: 31/10/2018 17:52:27.927

- Saída Atalaia, P.K. 12.900

- Intersección coa estrada do Salgueiro, P.K. 13.400

- Acceso ao Centro Cultural, P.K. 13.500

- Tanto na intersección coa estrada do Salgueiro como na de acceso ao Centro Cultural poderíanse habilitar carrís centrais para permitir xiros á esquerda.

- Intersección de acceso a Santa Lucía (P.K. 13.900) e intersección de acceso a Piñeiro (P.K. 13.940)

- Intersección de acceso ao barrio da Seca

3) O proxecto non ten en conta o impacto na contorna do incremento de itinerarios e tráfico no pequeno treito que vai desde a intersección da subida ao Galiñeiro ate a Glorieta de Santa Lucía.

4) O Proxecto non ten en conta as necesidades das persoas residentes na parroquia: dificulta os desprazamentos en vehículo dentro da mesma, dificulta a mobilidade peonil debido á distancia entre os pasos de peóns proxectados, e suprime espazos empregados actualmente para estacionamentos.

5) A xustificación do Proxecto vén dada pola elevada concentración de accidentes neste treito. Cómpre ter en conta que a maior parte dos sinistros son por alcance, causados por exceso de velocidade, distraccións ou non respecto da distancia de seguridade.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:52
Nº Rexistro: 39560
Data envío: 31/10/2018 17:52:27.927

O Proxecto non contempla ningunha medida específica para asegurar que os vehículos respecten os límites de velocidade. Tendo en conta que o obxectivo principal do Proxecto debe ser a redución de accidentes de tráfico, poderíanse establecer outras actuacións como semáforos accionados por velocidade, pasos de peóns elevados ou redución da velocidade máxima.

De todo o anteriormente sinalado dedúcese que esta actuación crea na contorna unha barreira física que dificulta a mobilidade interna tanto para peóns como para vehículos, polo que o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Tomar en consideración, e responder no menor tempo posíbel, ás alegacións presentadas pola Asociación Veciñal Galiñeiro de Vincios, e, nese sentido, reformular o Proxecto de reforma da estrada PO 331 (P.K. 11.200 a P.K. 14.600) para mellorar a mobilidade interna de residentes tanto nos desprazamentos a pé como en vehículos a motor.

2. Que se inclúan no Proxecto medidas para mellorar a seguridade e previr accidentes como semáforos accionados por velocidade, pasos de peóns elevados e redución do límite de velocidade.

3. Que se desenvolvan medidas alternativas para reducir o tránsito de vehículos pola PO 331 como a potenciación da utilización da autovía AG-57



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:52
Nº Rexistro: 39560
Data envío: 31/10/2018 17:52:27.927

mediante a supresión da peaxe actual ou, transitoriamente, a redución da peaxe actual para residentes e empresas radicados no Val Miñor.

4. Que as actuacións previstas neste treito teñan en conta as características urbanas da vía, polo que debería primarse a urbanización e integración na contorna e non a transformación da travesía nunha estrada convencional.”

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2018 17:46:35



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:52
Nº Rexistro: 39560
Data envío: 31/10/2018 17:52:27.927

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2018 17:46:40

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2018 17:46:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2018 17:46:43

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2018 17:46:45



Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2018 17:46:47



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia



Para cumprir o establecido no art. 12 da Lei 8/2011, do 9 de novembro, do Plan Galego de Estatística 2012-2016, achégolle o **Informe de Seguimento do Programa Estatístico 2017**, remitido dende a consellería de Facenda.

O Informe foi posto en consideración da Comisión Permanente do Consello Galego de Estatística na reunión do 26 de outubro de 2018.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCÍA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 29/10/2018 15:12:03

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE: J73QNCvPv9
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2017-2021

Programa estatístico 2017 Informe de Seguimento

Elaborado polo Instituto Galego de Estatística, informado polo Consello Galego de Estatística e trasladado ao Parlamento, en cumprimento do artigo 14 da Lei 15/2017, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021

Plan Galego de Estatística 2017-2021
Programa estatístico 2017
INFORME DE SEGUIMENTO

	Páxina
1. Introducción.....	3
2. Operacións, actividades e outras actuacións do PEA 2017.....	5
3. Indicadores de seguimento do PEA 2017.....	6
4. Indicadores do PEA 2017 por departamento.....	8
5. Satisfacción das metas de información do PGE 2017-2021.....	9
Anexo 1. Informe resumo.....	11
Anexo 2. Informe detallado por consellería.....	13
Anexo 3. Análise por actividades.....	17
Anexo 4. Seguimento das actividades de interese estatístico e liñas de actuación salientables.	69
Anexo 5. Satisfacción das metas de información.....	73

1. INTRODUCCIÓN

Os programas anuais inclúen as actuacións orientadas a satisfacer os obxectivos do plan, clasificadas como:

Operacións estatísticas (OE), executadas e difundidas de acordo cun proxecto técnico no que participa unha administración galega nalguna fase a maiores da difusión. Pódense programar en implantación, reestruturación, curso ou cumprimento. No primeiro caso o obxectivo é comprobar a viabilidade do proxecto e no segundo modifícalo. Dependendo de quen deseñe orixinariamente o proceso estatístico, prográmase en curso (administración galega) ou en cumprimento (outra administración).

Actividades estatísticas (AE), executadas coa finalidade de difundir resultados que amplíen a oferta informativa sobre Galicia. A existencia de achegarmos datos novos foi introducida no plan 2017-2021 e supón que algunhas actividades que antes se clasificaban nesta categoría agora se programen como de interese estatístico (recompilación, investigación, nomenclaturas...) ou se trasladen ao plan anual de actuación previsto no Estatuto do IGE (coordinación, divulgación, formación...). A Enquisa de poboación activa prográmase como operación, xa que o IGE recolle a metade da mostra de Galicia, e os seus módulos como actividades, por se executar con idéntica metodoloxía. Na Enquisa estrutural a fogares emprégase o mesmo criterio.

Actividades de interese estatístico (AIE), programadas para cumprir os obxectivos instrumentais e de calidade do plan e contribuír ao desenvolvemento das súas liñas de actuación salientables.

Liñas de actuación salientables (LAS), para incrementar o valor da información dispoñible, aprofundando nas análises demográfica, social, cultural, económica e territorial.

En función desta tipoloxía de actuacións utilízanse dous procedementos para comprobar os resultados: cuantitativo nas operacións e actividades estatísticas e cualitativo nas de interese estatístico e liñas salientables. As do primeiro grupo valóranse cos indicadores de execución, puntualidade, oportunidade, dinamismo, estabilidade e satisfacción das metas.

A execución das operacións (OE) mídese comprobando os resultados acadados en cada fase, desde a recolla de datos ata a difusión nas introducidas en implantación, curso ou cumprimento, e segundo o estado de revisión dos seus proxectos técnicos nas programadas en reestruturación.

A execución das actividades estatísticas (AE) mídese en función dos obxectivos concretos que figuran no anexo III do decreto de programa e con criterios análogos aos empregados nas operacións.

O indicador de puntualidade calcúlase nas operacións correntes con difusión programada e, desde o PEA 2017, nas actividades estatísticas. Sen considerarmos as difundidas en varias datas nin os indicadores que se actualizan segundo o permiten as fontes primarias, compróbase a publicación no soporte e data previstos, polo que é compatible unha execución completa cun cumprimento nulo do calendario. Este resultado dáse cando se elaboran os datos, pero non se difunden, ou se difunden con retraso (máis de dous meses nas anuais e fóra do mes previsto nas de periodicidade inferior).

Programa estatístico 2017 Seguimento

O indicador de oportunidade complementa ao de puntualidade, penalizando a distancia en meses entre período de referencia e data de difusión. Mídese nas operacións correntes e, desde o PEA 2017, nas actividades estatísticas, ámbalas dúas agrupadas en estruturais (periodicidade anual ou semestral) e conxunturais (periodicidade mensual ou trimestral). De non publicar o previsto no programa, a oportunidade estímase tomando como data de difusión a do peche do seguimento (marzo do ano seguinte) e indícase cun asterisco nas táboas do anexo 3.


O indicador de dinamismo aplícase ás operacións en implantación e reestruturación para comprobar se se transforman en operacións en curso. Calcúlase dividindo o número das que evolucionan correctamente entre o total das novas do programa.

O indicador de estabilidade aplícase ás operacións correntes para comprobar se permanecen no programa seguinte. Calcúlase dividindo o número das programadas en curso ou cumprimento que fican neses estados entre o total das correntes do programa anterior. A estabilidade tamén se mide nas actividades estatísticas.

O índice de satisfacción reflicte se as operacións e actividades estatísticas achegan información relevante sobre as temáticas implícitas nas metas de información do plan. Para estimar o grao de satisfacción dunha meta determináanse as estatísticas potencialmente subministradoras de información encol dela e, destas, as que difundiron resultados.

Para calcular os indicadores globais e de cada departamento sobre execución, puntualidade e oportunidade pódense as actuacións por tipo, dándolles máis peso ás operacións fronte ás actividades estatísticas e, dentro das primeiras, ás correntes fronte ás novas. O criterio vencella o resultado coa complexidade e madurez das estatísticas, situando á cabeza ás operacións correntes que cumpren os requisitos da estatística oficial. Séguenlles as actividades que cobren metas de información e, por último, as operacións novas, que se están a implantar ou reestruturar.

2. OPERACIÓNS, ACTIVIDADES E OUTRAS ACTUACIÓNS DO PEA 2017



O PEA 2017 inclúe 80 operacións (OE), 57 actividades estatísticas (AE), 33 actuacións de interese estatístico (AIE) e 14 clasificadas dentro das liñas de actuación salientables (LAS). Esta oferta pretende cubrir os obxectivos informativos, instrumentais e de calidade do plan 2017-2021 e cumprir coa obriga de considerar a perspectiva de xénero na actividade estatística. Das 80 operacións con proxecto técnico, 3 prográmanse en implantación para comprobar se son viables e 2 en reestruturación para modificar a súa metodoloxía. Das 75 restantes, 63 figuran en curso e 12 en cumprimento.

Comparado co PEA 2016 temos 33 operacións e actividades menos. Esta variación está relacionada cos cambios introducidos no novo plan (non se consideran operacións en proxecto e as actividades han de achegar información nova) e co criterio de clarear a oferta, deixando de programar as estatísticas que non se estaban a executar con normalidade nos plans anteriores.

Número	PEA 2012	PEA 2013	PEA 2014	PEA 2015	PEA 2016	PEA 2017
operacións	103	112	102	98	97	80
operacións novas	19	42	23	23	10	5
en proxecto	12	33	13	7	4	-
en implantación	5	5	9	10	5	3
en reestruturación	2	4	1	6	1	2
operacións correntes	84	70	79	75	87	75
en curso	73	57	66	63	73	63
en cumprimento	11	13	13	12	14	12
actividades estatísticas	41	47	72	66	73	57
Total	144	159	174	164	170	137

3. INDICADORES DE SEGUIMIENTO DO PEA 2017

O grao de execución das 137 operacións e actividades de 2017 acadou o 89%. Os indicadores de calendario amosan un 70% de puntualidade e desfases entre datas de referencia e difusión de 12 meses nas estatísticas estruturais e de 3 nas conxunturais. Os indicadores de estabilidade e dinamismo foron do 94% e 80%, respectivamente. Coa información difundida atendéronse o 79% das metas do plan.

Indicadores	PEA 2012	PEA 2013	PEA 2014	PEA 2015	PEA 2016	PEA 2017
Execución (%)	90,2	89,4	83,0	83,7	85,6	89,0
operacións	89,7	87,9	83,8	83,7	85,4	88,0
operacións novas	75,3	82,4	59,2	75,0	79,0	90,0
operacións correntes	93,3	94,3	89,9	86,5	87,0	87,5
actividades estatísticas	92,9	95,1	80,0	81,6	86,3	91,2
Puntualidade (%)	-	-	-	-	-	69,7
operacións correntes	75,0	82,6	68,2	64,6	65,0	63,0
actividades estatísticas	-	-	-	-	-	85,3
Oportunidade (meses)	-	-	-	-	-	11
operacións correntes	-	-	11	11	12	11
estruturais	-	-	-	13	13	12
conxunturais	-	-	-	4	5	3
actividades estatísticas	-	-	-	-	-	10
estruturais	-	-	-	-	-	12
conxunturais	-	-	-	-	-	3
operacións correntes e actividades estruturais	-	-	-	-	-	12
operacións correntes e actividades conxunturais	-	-	-	-	-	3
Estabilidade (%)	80,0	94,9	84,8	95,7	75,6*	93,9
operacións correntes	75,0	95,7	87,3	98,7	81,6	96,0
actividades estatísticas	90,2	93,6	81,9	92,4	68,5*	91,2
Dinamismo operacións novas (%)	52,6	45,2	39,1	43,5	50,0	80,0
Saatisfacción metas do plan (%)	61,8	60,3	67,2	61,1	68,7	79,2

* Sen considerar as actividades estatísticas que se convarten en actividades de interese estatístico no PEA 2017.

Nos tres primeiros anexos do informe detállanse os indicadores de 2017 por consellería, operación e actividade. No cuarto ofrécese os resultados das actividades de interese estatístico e liñas salientables e no quinto os índices de satisfacción das metas por áreas e seccións do plan.

Operacións novas

No 2017 programáronse cinco operacións novas:

- 1205-01 Xestión de residuos urbanos: en reestruturación¹
- 2503-03 Pensións da SS por concello de residencia do pensionista: en implantación
- 3504-02 Enquisa de movemento aeroportuario de Galicia: en implantación
- 3801-02 Indicadores do sector empresarial: en reestruturación
- 3801-05 Enquisa a empresas multilocalizadas: en implantación

¹ Finalmente denominada Xestión de residuos de competencia municipal.

Programa estatístico 2017 Seguimento

As catro primeiras executáronse completamente e trasladáronse ao PEA 2018 como operacións en curso e na quinta só se completou a fase de recollida de datos.


Operacións novas	2012 a 2013	2013 a 2014	2014 a 2015	2015 a 2016	2016 a 2017	2017 a 2018
nº que evoluciona correctamente	10	19	9	10	5	4
nº no PEA de orixe	19	42	23	23	10	5
Indicador de dinamismo (%)	52,6	45,2	39,1	43,5	50,0	80,0

O Consello Galego de Estatística aprobou 3 proxectos técnicos no 2017:

- 1205-01 Xestión de residuos de competencia municipal
- 3902-01 Contas económicas anuais
- 3902-02 Contas económicas trimestrais

Operacións correntes

As operacións correntes executáronse nun 88% e o 96% trasladáronse ao programa 2018 no mesmo estado². Das 75 do PEA 2017, unha non tiña programada fase de difusión³ e cinco eran indicadores de actualización continua⁴. O calendario das 69 restantes cumpriuse nun 63%. Para a oportunidade tampouco se consideraron unha operación de periodicidade semanal e outra con varias datas de referencia⁵. Nas 67 restantes a dispoñibilidade media foi de 12 meses nas estruturais e de 3 meses nas conxunturais.



Operacións correntes e actividades estatísticas	2012 a 2013	2013 a 2014	2014 a 2015	2015 a 2016	2016 a 2017	2017 a 2018
nº OE correntes que permanecen no seguinte PEA	63	67	69	74	71	72
nº AE que permanecen no seguinte PEA	37	44	59	61	50	52
nº OE correntes do PEA	84	70	79	75	87	75
nº AE do PEA	41	47	72	66	73	57
Estabilidade das OE correntes (%)	75,0	95,7	87,3	98,7	81,6	96,0
Estabilidade das AE (%)	90,2	93,6	81,9	92,4	68,5*	91,2
Estabilidade xeral (%)	80,0	94,9	84,8	95,7	75,6*	93,9

* Sen considerar as actividades estatísticas que se convirten en actividades de interese estatístico no PEA 2017.

² Das tres non programadas no 2018 en curso, unha foi baixa por periodicidade (Matriz de contabilidade social) e dúas reestruturáronse (Contas económicas anuais; Contas económicas trimestrais).

³ Estatística da Administración electrónica nos concellos galegos.

⁴ Indicadores de seguimento das DOT; Sistema de indicadores de lonxevidade; Indicadores de xénero; Indicadores de cohesión social; Sistema de indicadores complementarios do PDR.

⁵ Reservas de auga; Sistema de indicadores da sociedade da información.

Actividades estatísticas

Forman parte deste grupo de actividades que aumentan a oferta de información sobre Galicia as explotacións de microdatos doutras administracións (comercio exterior da AEAT, movementos migratorios do INE...), algúns indicadores (intensidade turística, esperanza de vida sen limitacións...) e outras relacionadas co territorio ou co sistema de contas (panorama rural e urbano, actualización do marco input-output...). As 57 actividades do PEA 2017 executáronse nun 91% e difundíronse cunha puntualidade do 85% e con desfases de 12 meses (estruturais) e 3 meses (conxunturais)⁶. O seu indicador de estabilidade foi do 91%⁷.

Actividades de interese estatístico

O PEA 2017 inclúe 33 actuacións concretas dentro das 12 clasificadas como de interese estatístico, xunto cos obxectivos instrumentais e de calidade que satisfán. Desde 2017 clasifícanse neste apartado as de recompilación (Atlas estatístico comarcal, Galicia en cifras, Anuario de pesca...).

Liñas de actuación salientables

As LAS son obxectivos informativos para incrementar o valor da información dispoñible, afondando nas análises demográfica, social, cultural, económica e territorial. As actuacións concretas a realizar para progresar nestes obxectivos figuran no artigo 2 do decreto do PEA 2017.

4. INDICADORES DO PEA 2017 POR DEPARTAMENTO

Departamento	PEA 2017						
	nº operacións	nº actividades	total	execución (%)	puntualidade (%)	oportunidade (meses)	
						estrutural	conxuntural
Presidencia	6	6	12	97,5	77,5	12	2
Vicepresidencia	3	1	4	100	100	2	-
Facenda	1	0	1	77,0	0,0	10	-
Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	5	3	8	88,6	76,7	8	-
Infraestruturas e Vivenda	2	0	2	100	62,5	9	10
Indicador de puntualidade (calendario): 100 %

4204-01-AE05 Comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía

Programa estatístico anual

Os datos definitivos do ano 2015 e os datos provisionais do ano 2016 difundiranse na internet o 25 de abril de 2017

Execución

Traballos executados: difundiron os resultados segundo o calendario establecido

Grao de execución: 100 %

Indicador de puntualidade (calendario): 100 %

Indicador de oportunidade

Dato	Valor
Saldo (E-I) dos produtos de alta tecnoloxía. .Datos provisionais	4 meses
Saldo (E-I) dos produtos de alta tecnoloxía.	16 meses

Valor medio: 10 meses

8000-01-OE05 Indicadores de xénero

Estado

En curso

Programa estatístico anual

Difundirase na internet en varias datas segundo o permitan as fontes

Execución

Fase	Porcentaxe
Preparación e recollida de datos	50 de 50
Elaboración das táboas	40 de 40
Difusión dos resultados: difundiron en varias datas, non se avalía calendario	10 de 10

Grao de execución: 100 %

9101-01-AE05 Incendios forestais

Programa estatístico anual

O ano 2016 difundirase na internet en outubro de 2017

Execución

Traballos executados: non se rematou a fase de elaboración das táboas xa que non se difundiron resultados

Grao de execución: 55 %

Indicador de puntualidade (calendario): 0 %

Indicador de oportunidade

Dato	Valor
Número de lumes forestais	15 meses*

9999-01-OE05 Sistema de indicadores complementarios para o seguimento do Plan de desenvolvemento rural

Estado

En curso

Programa estatístico anual

Difundiranse na internet en varias datas a medida que o permitan as fontes

Execución

Fase	Porcentaxe
Preparación e recollida de datos	50 de 50
Elaboración das táboas	20 de 40
Difusión dos resultados: Non se difundiron algúns dos indicadores	5 de 10

Grao de execución: 75 %

9999-02-AE05 Indicadores de contexto do Plan de desenvolvemento rural

Programa estatístico anual

Difundiranse na internet en varias datas a medida que o permitan as fontes

Execución

Traballos executados: non se difundiron algúns dos indicadores

Grao de execución: 70 %

9999-03-AE05 Indicadores de contexto do Plan estratéxico

Programa estatístico anual

Actualizarase a información continuamente

Execución

Traballos executados: difundiron en varias datas, non se avalía calendario

Grao de execución: 100 %

Anexo 4. Seguimento das actividades de interese estatístico e liñas de actuación salientables

Actividades de interese estatístico (AIE)

O anexo IV do programa inclúe as actividades de interese estatístico e os obxectivos instrumentais e de calidade que pretenden satisfacer.

AIE01 Perfeccionamento profesional do sistema estatístico de Galicia

Actuación programada: Outras actuacións formativas para o perfeccionamento profesional do sistema estatístico de Galicia

Resultados: Non se realizaron actuacións

AIE02 I+D+i na actividade estatística

Actuación programada: Prácticas de alumnos do máster interuniversitario en técnicas estatísticas

Resultados: Non houbo demandantes

AIE03 Relacións externas en materia de estatística

Actuación programada: Actualización do Observatorio transfronteirizo Galicia - Norte de Portugal

Resultados: Non se actualizou

AIE05 Catalogación e difusión da información estatística

Actuación programada: Folgas e peches patronais

Resultados: Difundíronse no anuario de estatísticas sociolaborais os resultados de 2016

Actuación programada: Atlas estatístico comarcal

Resultados: Actualizáronse os resultados

Actuación programada: Galicia en cifras

Resultados: Actualizáronse os resultados

Actuación programada: Banco de datos territorial

Resultados: Actualizáronse os resultados

Actuación programada: Indicadores do mercado laboral

Resultados: Actualizáronse os resultados

Actuación programada: Anuario de pesca

Resultados: Difundiuse a edición 2016

Actuación programada: Datos estatísticos básicos de Galicia

Resultados: Actualizáronse os resultados

Actuación programada: Anuario de estatísticas sociolaborais

Resultados: Difundiuse a edición 2016

Actuación programada: A realidade da muller galega

Resultados: Actualizáronse os resultados

Actuación programada: Indicadores estruturais da Unión Europea

Resultados: Actualizáronse os resultados

Actuación programada: Boletín de conxuntura

Resultados: Actualizáronse os resultados

Actuación programada: Recompilación e difusión de resultados estatísticos sobre Galicia

Resultados: Actualizáronse os resultados

Actuación programada: Introducción no calendario de publicacións do IGE dos resultados das actuacións nas actividades de interese estatístico

Resultados: Avanzouse nesta introdución

Actuación programada: Portal estatístico para o mundo educativo

Resultados: Creouse unha actividade do PIB e crecemento económico e actualizáronse varias

AIE06 Tecnoloxías da información e das comunicacións para o proceso estatístico

Actuación programada: Aplicacións para a mellora da difusión empregando o paquete R

Resultados: Desenvolvemento da librería de tratamento de táboas multidimensionais de difusión
libhip

AIE07 Normalización na actividade estatística

Actuación programada: Tratamento do segredo estatístico e da calidade da difusión

Resultados: Non se realizou

AIE08 Inventario, programación, seguimento e avaliación da actividade estatística. Plan de calidade

Actuación programada: Informe de seguimento do PEA 2016

Resultados: Publicouse o informe de seguimento do programa 2016

Actuación programada: Informe de avaliación do PGE 2012-2016

Resultados: Publicouse o informe de avaliación do plan 2012-2016

AIE09 Análise estatística da poboación e dos fogares

Actuación programada: Análise das proxeccións de poboación en Galicia

Resultados: Publicouse o informe

Actuación programada: Informe sobre as cifras de poboación

Resultados: Publicouse o informe

AIE13 Análise estatística da conxuntura económica

Actuación programada: Informe sobre os indicadores de actividade e do VEB do sector servizos

Resultados: Publicouse o informe

Actuación programada: Informe sobre comercio exterior

Resultados: Publicouse o informe

Actuación programada: Informe sobre a Enquisa trimestral de custo laboral

Resultados: Publicouse o informe

Actuación programada: Informe sobre o Índice de comercio polo miúdo

Resultados: Publicouse o informe

Actuación programada: Informe sobre Afiliacións á Seguridade Social

Resultados: Publicouse o informe

Actuación programada: Informe sobre o Índice de produción industrial

Resultados: Publicouse o informe

AIE14 Análise estatística de sectores produtivos e da estrutura económica en xeral

Actuación programada: Análise do sector téxtil, confección e calzado

Resultados: Publicouse un informe co mesmo título.

AIE15 Apoio estatístico á redacción dos orzamentos xerais e outra normativa

Actuación programada: Indicadores estatísticos de perspectiva de xénero nos orzamentos xerais

Resultados: Calculáronse indicadores de perspectiva de xénero

AIE16 Redacción de proxectos técnicos de operacións estatísticas

Actuación programada: Tributos propios e cedidos xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia

Resultados: Non se avanzou na redacción do proxecto

Actuación programada: Indicadores de infancia e adolescencia

Resultados: Redactouse un borrador de proxecto técnico

Liñas de actuación salientables (LAS)

Estes obxectivos informativos figuran no artigo 2.3 do Decreto do PEA 2017:

LAS 1. Demografía:

- Estudo das cargas poboacionais que soportan as diversas divisións territoriais

Presentouse un relatorio co título Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia no XIII Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións

- Estudo do grao de urbanización nas seccións censuais

Redactouse un documento co mesmo título



– Estudo da poboación residente en establecementos colectivos

Redactouse un documento co mesmo título

– Estudo das cifras poboacionais de referencia en 1 de xullo de cada ano

Redactouse un documento co mesmo título

– Estudo para relacionar distintas bases de datos sociodemográficas dispoñibles no IGE

Redactouse un documento co mesmo título

LAS 2. Estrutura sociolaboral

– Estudo de extensións na información recibida da Seguridade Social

Redactouse un documento co mesmo título

LAS 4. Cohesión territorial

– Estudo da xeolocalización das empresas con sede en Galicia

Redactouse un documento co mesmo título

LAS 5. Conxuntura económica

– Estudo da relación entre fontes conxunturais e estruturais nas contas económicas de Galicia

Redactouse un documento co mesmo título

– Previsión do crecemento do PIB trimestral de Galicia

Redactouse un documento co mesmo título

LAS 6. Estrutura económica.

– Estimación da renda municipal dos fogares. Fontes para a estimación en base 2010 e enlace de series

Redactouse un informe co mesmo título

– Estudo das contas por sectores institucionais

Redactouse un informe co mesmo título

– Análise dos fluxos co resto das CC.AA. dos principais produtos

Redactouse un informe co mesmo título

– Escenario macroeconómico de Galicia a curto prazo

Publicáronse os escenarios previstos a diferentes datas

– Crecemento potencial e output gap de Galicia

Publicouse para o quinquenio 2016-2020

Anexo 5. Satisfacción das metas de información

1. Territorio, recursos naturais e medio ambiente

1.1. Territorio e recursos naturais	Número de actividades programadas	Número de actividades con difusión	Meta satisfeita
1.1.01 Territorio	2	1	Si
1.1.02 Estradas	1	1	Si
1.1.03 Caza e pesca continental	1	1	Si
1.1.04 Recursos naturais e biodiversidade	1	1	Si
		Metas satisfeitas	Índice de satisfacción
		4 de 4	100 %

1.2. Medio ambiente	Número de actividades programadas	Número de actividades con difusión	Meta satisfeita
1.2.01 Climatoloxía	1	1	Si
1.2.02 Calidade do aire	2	2	Si
1.2.03 Reservas de auga	1	1	Si
1.2.04 Calidade e depuración de auga	2	2	Si
1.2.05 Residuos urbanos e industriais. Reciclaxe	2	2	Si
1.2.06 Hábitos e prácticas ambientais	1	1	Si
		Metas satisfeitas	Índice de satisfacción
		6 de 6	100 %

2. Sociedade

2.1. Poboación e fogares	Número de actividades programadas	Número de actividades con difusión	Meta satisfeita
2.1.01 Estática e dinámica da poboación	10	10	Si
2.1.02 Estrutura dos fogares	2	2	Si
2.1.03 Dinámica dos fogares	0	0	Non
2.1.04 Proxeccións demográficas	0	0	Non
		Metas satisfeitas	Índice de satisfacción
		2 de 4	50 %

2.2. Sanidade	Número de actividades programadas	Número de actividades con difusión	Meta satisfeita
2.2.01 Asistencia sanitaria	2	2	Si
2.2.02 Listas de agarda	1	1	Si
2.2.03 Estado xeral de saúde da poboación	2	2	Si
2.2.04 Morbilidade	3	3	Si
2.2.05 Mortalidade por causas	2	2	Si
2.2.06 Consumo de drogas e asistencia ás persoas drogodependentes	2	2	Si

Metas satisfeitas	Índice de satisfacción
6 de 6	100 %

2.3. Educación e capital humano	Número de actividades programadas	Número de actividades con difusión	Meta satisfeita
2.3.01 Ensino preobligatorio	1	1	Si
2.3.02 Ensino obrigatorio	2	2	Si
2.3.03 Ensino postobligatorio non universitario	2	2	Si
2.3.04 Acceso á universidade. Oferta e demanda de titulacións	1	0	Non
2.3.05 Ensino universitario	2	1	Si
2.3.06 Tránsito do sistema educativo ao mercado laboral	1	1	Si
2.3.07 Outros tipos de formación, coa inclusión da realizada no seo das empresas	2	2	Si

Metas satisfeitas	Índice de satisfacción
6 de 7	86 %

2.4. Traballo	Número de actividades programadas	Número de actividades con difusión	Meta satisfeita
2.4.01 Caracterización do mercado laboral	16	14	Si
2.4.02 Accidentes laborais e enfermidades profesionais	1	1	Si
2.4.03 Salarios e custos laborais	2	2	Si
2.4.04 Outras condicións laborais	3	3	Si
2.4.05 Flexibilidade na aplicación das condicións laborais	0	0	Non
2.4.06 Concertación laboral	2	2	Si
2.4.07 Eleccións sindicais	1	1	Si
2.4.08 Infraccións e sancións	1	1	Si
2.4.09 Regulación de emprego	1	1	Si
2.4.10 Persoas traballadoras estranxeiras	1	1	Si

Metas satisfeitas	Índice de satisfacción
9 de 10	90 %

2.5. Condicións sociais	Número de actividades programadas	Número de actividades con difusión	Meta satisfeita
2.5.01 Ingresos e gastos dos fogares	2	2	Si
2.5.02 Benestar	2	2	Si

2.5.03 Pensións e outras prestacións	3	3	Si
2.5.04 Emprego do tempo	0	0	Non
2.5.05 Desprazamentos por razón de traballo e outros tipos de mobilidade	1	1	Si
2.5.06 Poboación dependente e segmentos sociais con máis necesidades potenciais	6	6	Si
2.5.07 Discapacidade	2	2	Si
2.5.08 Violencia de xénero	1	1	Si
2.5.09 Conciliación familiar e laboral	1	1	Si
2.5.10 Capital social e participación cidadá	0	0	Non
2.5.11 Xustiza e seguridade	3	3	Si

Metas satisfeitas	Índice de satisfacción
9 de 11	82 %

2.6. Cultura, deporte e lecer	Número de actividades programadas	Número de actividades con difusión	Meta satisfeita
2.6.01 Equipamentos e recursos culturais	1	1	Si
2.6.02 Hábitos e prácticas culturais	0	0	Non
2.6.03 Hábitos e prácticas deportivas e do lecer	0	0	Non
2.6.04 Prácticas lingüísticas	0	0	Non

Metas satisfeitas	Índice de satisfacción
1 de 4	25 %

2.7. Vivenda	Número de actividades programadas	Número de actividades con difusión	Meta satisfeita
2.7.01 Demanda e acceso á vivenda	1	1	Si
2.7.02 Equipamento e características das vivendas	0	0	Non

Metas satisfeitas	Índice de satisfacción
1 de 2	50 %

3. Estrutura produtiva

3.1. Sector agrario	Número de actividades programadas	Número de actividades con difusión	Meta satisfeita
3.1.01 Superficies agrarias	1	0	Non
3.1.02 Efectivos gandeiros	3	0	Non
3.1.03 Maquinaria e outro capital agrario	1	0	Non
3.1.04 Producións e rendementos vexetais	1	0	Non
3.1.05 Sacrificio de gando	1	0	Non
3.1.06 Produción ecolóxica e de calidade	1	1	Si
3.1.07 Características das explotacións agrarias	3	0	Non

Metas satisfeitas	Índice de satisfacción
1 de 7	14 %

3.2. Pesca e acuicultura	Número de actividades programadas	Número de actividades con difusión	Meta satisfeita				
3.2.01 Buques pesqueiros	1	1	Si				
3.2.02 Establecementos de acuicultura	1	0	Non				
3.2.03 Primeira venda de produtos pesqueiros	1	1	Si				
3.2.04 Características das unidades de produción	2	2	Si				
3.2.05 Ocupación no sector da pesca	0	0	Non				
<table><tr><th>Metas satisfeitas</th><th>Índice de satisfacción</th></tr><tr><td>3 de 5</td><td>60 %</td></tr></table>				Metas satisfeitas	Índice de satisfacción	3 de 5	60 %
Metas satisfeitas	Índice de satisfacción						
3 de 5	60 %						

3.3. Enerxía e industria	Número de actividades programadas	Número de actividades con difusión	Meta satisfeita				
3.3.01 Subsector industrial relacionado co sector primario	2	1	Si				
3.3.02 Outras industrias manufactureiras	2	2	Si				
<table><tr><th>Metas satisfeitas</th><th>Índice de satisfacción</th></tr><tr><td>2 de 2</td><td>100 %</td></tr></table>				Metas satisfeitas	Índice de satisfacción	2 de 2	100 %
Metas satisfeitas	Índice de satisfacción						
2 de 2	100 %						

3.4. Construcción	Número de actividades programadas	Número de actividades con difusión	Meta satisfeita				
3.4.01 Edificación residencial e non residencial	2	2	Si				
<table><tr><th>Metas satisfeitas</th><th>Índice de satisfacción</th></tr><tr><td>1 de 1</td><td>100 %</td></tr></table>				Metas satisfeitas	Índice de satisfacción	1 de 1	100 %
Metas satisfeitas	Índice de satisfacción						
1 de 1	100 %						

3.5. Servizos de mercado	Número de actividades programadas	Número de actividades con difusión	Meta satisfeita
3.5.01 Comercio interior	1	1	Si
3.5.02 Transporte de mercadorías e de pasaxeiros/as	1	1	Si
3.5.03 Infraestruturas turística e hostaleira	2	2	Si

3.5.04	Movemento de viaxeiros/as. Ocupación en establecementos regulamentados e non regulamentados	5	5	Si
3.5.05	Servizos financeiros, servizos ás empresas e outros de mercado	1	1	Si

Metas satisfeitas	Índice de satisfacción
5 de 5	100 %

3.6. Administración pública e outros servizos non de mercado	Número de actividades programadas	Número de actividades con difusión	Meta satisfeita
3.6.01 Institucións sen fins de lucro	0	0	Non
3.6.02 Ingresos tributarios e non tributarios	1	1	Si
3.6.03 Recursos e gasto na sanidade	1	1	Si
3.6.04 Recursos e gasto na I+D+i	0	0	Non

Metas satisfeitas	Índice de satisfacción
2 de 4	50 %

3.7. Mercados e prezos	Número de actividades programadas	Número de actividades con difusión	Meta satisfeita
3.7.01 Intercambios comerciais	1	1	Si
3.7.02 Prezos no sector primario	3	1	Si
3.7.03 Prezos no sector externo	1	1	Si
3.7.04 Nivel xeral de prezos	1	1	Si
3.7.05 Competitividade	1	1	Si

Metas satisfeitas	Índice de satisfacción
5 de 5	100 %

3.8. Actividade empresarial	Número de actividades programadas	Número de actividades con difusión	Meta satisfeita
3.8.01 Estrutura e caracterización do sector empresarial	6	5	Si
3.8.02 Conxuntura empresarial	0	0	Non
3.8.03 Cooperativas, sociedades laborais e outras formas asociativas	2	2	Si

Metas satisfeitas	Índice de satisfacción
2 de 3	67 %

3.9. Sistema de contas	Número de actividades programadas	Número de actividades con difusión	Meta satisfeita
3.9.01 Previsións macroeconómicas	2	2	Si
3.9.02 Contas económicas e beneficios empresariais	3	2	Si
3.9.03 Marco input-output	1	1	Si
3.9.04 Sectores institucionais	1	1	Si
3.9.05 Contas satélites	1	1	Si

Metas satisfeitas	Índice de satisfacción
5 de 5	100 %

4. Coñecemento e tecnoloxía

4.1. Sociedade da información	Número de actividades programadas	Número de actividades con difusión	Meta satisfeita
4.1.01 Sociedade da información nos fogares	2	2	Si
4.1.02 Sociedade da información nas empresas	3	3	Si
4.1.03 Sociedade da información nas administracións	2	2	Si
4.1.04 Sociedade da información no sistema educativo	1	1	Si
4.1.05 Sociedade da información no sistema sanitario	1	1	Si
4.1.06 Sociedade da información no medio rural	1	1	Si

Metas satisfeitas	Índice de satisfacción
6 de 6	100 %

4.2. Ciencia e tecnoloxía	Número de actividades programadas	Número de actividades con difusión	Meta satisfeita
4.2.01 I+D+i nas empresas	1	1	Si
4.2.02 I+D+i nas administracións	1	1	Si
4.2.03 I+D+i na universidade	1	1	Si
4.2.04 Comercio externo de produtos tecnolóxicos	1	1	Si



Metas satisfeitas	Índice de satisfacción
4 de 4	100 %



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia



Advertido erro no escrito remitido ao Parlamento con data 30.10.2018, e que tivo entrada co número de rexistro 39489, referido á remisión do **Informe de Seguimento do Programa Estatístico 2017**.

Cómpre corrixilo nos seguintes termos:

Onde di: "Para cumprir o establecido no art. 12 da Lei 8/2011, do 9 de novembro, do Plan Galego de Estatística 2012-2016".

Debe dicir: "Para cumprir o establecido no art. 11 da Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan Galego de Estatística 2017-2021".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCÍA SEÑORANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 31/10/2018 09:56:22

CVE: AJDdLKTv167
Verificación: ajdgd/fusda.xunta.gal/cve



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Páxina 1 de 1



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia



Consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, solicítollea comparecencia do director Xeral de asistencia sanitaria do SERGAS ante a Comisión 5ª, para informar sobre **“a estratexia galega para a atención a persoas en situación de cronicidade”**.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018

A directora Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2018 17:44
Nº Rexistro: 39476
Data envío: 29/10/2018 17:44:49.842

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Unha vez máis a sombra do peche de Alcoa paira sobre Galiza. Segundo diferentes informacións recollidas nos medios de comunicación Alcoa vén de comunicar o peche das factorías de Avilés e da Coruña.

Na actualidade, o grupo conta con máis de 50.000 empregados e empregadas en todo o mundo en numerosos centros produtivos en trinta países dedicados á fabricación de titanio, níquel e aluminio, ademais doutros compoñentes como bauxita e alúmina para aleacións. A multinacional, con vendas de máis de 23.000 millóns de dólares ao ano, é un dos tres maiores grupos industriais do sector do aluminio no mundo.

En Galiza conta con centros de produción na Coruña e San Cibrao, Lugo. Segundo diferentes fontes, estímase que a planta da Coruña conta con preto de 400 traballadores e que os centros de San Cibrao suman máis de 1.000 traballadores e traballadoras, máis outros 600 a través das empresas auxiliares.

Cómpre recordar que Alcoa consolidouse no Estado Español a través da compra da antiga Empresa Nacional do Aluminio (Inespal). Foi un Goberno do Partido Popular a que privatizou esta empresa, cun xeito de actuar similar ao doutros procesos de privatización.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2018 17:44
Nº Rexistro: 39476
Data envío: 29/10/2018 17:44:49.842

Así mesmo, unha das razóns fundamentais do peche vén sendo o prezo da factura da luz, que supón máis do 50% dos custos de produción. Reiteradamente o nacionalismo ten defendido a necesidade de mudar o sistema de poxas de interrompibilidade por un máis estábel, así como promover unha tarifa eléctrica galega que dea vantaxes competitivas ás empresas radicadas no noso país. Porén, o centralismo de todas as forzas de obediencia estatal, sen excepción, ten contribuído a levarnos a unha situación de extrema gravidade.

Diante destes acontecementos, as forzas políticas e o Parlamento de Galiza non poden permanecer alleos.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Como avalía o goberno galego os anuncios de Alcoa? Cando tivo información disto? Tense reunido coa empresa ou cos cadros de persoal?

- Cales son as liñas de actuación da Xunta de Galiza diante destes acontecementos?

- Ten demandado actuacións do goberno central? En que sentido, en que datas e con que resultado?

-Ten constancia o Goberno galego dos plans de Alcoa a respecto dos demais centros produtivos en Galiza?

-Realizou ou ten previsto realizar a Xunta de Galiza algunha acción tendente a coñecer de primeira man os plans de futuro de Alcoa e a garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galiza?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2018 17:44
Nº Rexistro: 39476
Data envío: 29/10/2018 17:44:49.842

-Considera a Xunta de Galiza que se garantiría o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galiza cunha rebaixa do prezo da electricidade?

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/10/2018 17:43:55

Xosé Luis Bará Torres na data 29/10/2018 17:44:00

María Montserrat Prado Cores na data 29/10/2018 17:44:04

Olalla Rodil Fernández na data 29/10/2018 17:44:06



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2018 17:44
Nº Rexistro: 39476

Data envío: 29/10/2018 17:44:49.842

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/10/2018 17:44:09

Ana Pontón Mondelo na data 29/10/2018 17:44:13

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A pesca en Galicia perde persoas ocupadas a un ritmo moi preocupante. De acordo cos datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA) para Galicia, nada menos que unha perda de 4.400 persoas ocupadas entre o primeiro trimestre de 2017 e o primeiro de 2018. Nun só ano reducíanse nun 21 % o número persoas ocupadas neste sector. Os datos para o segundo trimestre, viñeron a confirmar esta tendencia xa que reflicten o valor máis baixo desde que se elabora a información, no ano 2009. 14.200 persoas ocupadas fronte ás 23.800 do ano 2009.

Esta cuestión parece non importarlle a Feijóo que mira cara a outro lado. Tampouco a seguridade das persoas que traballan no mar, aínda hoxe estamos a vivir as repercusións da xestión temeraria e chapuceira do contrato do servizo de salvamento de gardacostas de Galicia, que deixou en mans dunha empresa un servizo de tal importancia para a seguridade dos galegos e galegas do mar, dándolle prioridade aos intereses privados fronte aos públicos.

Unha ano máis, temos que lamentar que a pesar de ter anunciado a finais de 2015, un plan de sinalización de bateas, que instalaría 105 balizas, o plan segue sen levarse a cabo. Hai preto 3.300 artefactos nas rías galegas e desgraciadamente xa houbo que lamentar perdas de vidas humanas.

A realidade que temos en Galicia é o resultado das políticas dun Goberno, no que o PP hai moito tempo que abandonou o sector. Un Goberno que no ano 2017 executou unicamente un 37 % do programa 723A, Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, programa de maior dotación orzamentaria da Consellería do Mar, e que incluía partidas como “saúde e seguridade”.

A nefasta xestión da Xunta de Galicia para acoller o Laboratorio Europeo de Control Bacteriolóxico de Bivalvos puxo de relevo unha vez máis a súa incapacidade para referenciar a potencialidade galega sobre a investigación e a súa posición predominante sobre bivalvos e produción marisqueira. As últimas informacións proporcionadas desde a Unión Europea, anunciaron e promulgaron un procedemento e unha candidatura que nunca existiu.

Por iso as deputadas que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Como valora o Goberno galego a situación actual da pesca en canto á perda de poboación ocupada?

2ª) Vai tomar algún tipo de medida o Goberno galego para potenciar o relevo xeracional, cales?

3ª) Vai o Goberno galego tomar algún tipo de medida para apostar pola calidade de vida da xente do mar, da súa saúde e seguridade, se for o caso, cales?

4ª) Vai tomar algún tipo de medida o Goberno galego para potenciar a formación profesional e capacitación do sector, cales?

5ª) Vai tomar algún tipo de medida o Goberno galego para promocionar a visibilidade do traballo das mulleres no mar, favorecendo as políticas de igualdade, cales?

6ª) Vai tomar algún tipo de medida o Goberno galego para acadar unha mellor xestión dos fondos da UE de xeito que non haxa que devolver os fondos á UE, cales?

7ª) Vai tomar algún tipo de medida o Goberno galego para promocionar unha rede galega de minicriadoiros de bivalvos, e de hacheries de diversas especies que eviten a importación de crías de fóra de Galicia, cales?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 13:17
Nº Rexistro: 39512
Data envío: 31/10/2018 13:17:30.335

Pazo do Parlamento, 31 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 31/10/2018 13:03:42

Patricia Otero Rodríguez na data 31/10/2018 13:03:56



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 13:26
Nº Rexistro: 39520
Data envío: 31/10/2018 13:26:49.464

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Galiza e, especialmente, as comarcas mineiras das Pontes e de Cerceda teñen sufrido un agravio por parte do Estado español canto os seus dereitos de desenvolvemento. Fundamentalmente en dous grandes acontecementos: dunha banda, no 2011 o goberno do Estado aplicou unha redución de máis do 50% en todas as partidas do Plan do Carbón II, no que estaba incluída Galiza. Esta decisión tivo continuidade en 2012, non permitindo realizar máis asignacións e destinando os fondos ao pagamento das obrigas xa contraídas. Por outra banda, cómpre recordar que o terceiro Plan 2013-2018, en vigor, tamén asinado polo Ministerio de Industria, Carbunión e os sindicatos estatais, excluía Galiza.

Excluíuse Galiza coa escusa que as nosa minas de carbón xa non producen, mais cómpre recordar que nin no momento nin na actualidade están oficialmente pechadas, pois estamos na fase de rexeneración ambiental e labores de peche de mina, como calquera outra do Estado na mesma situación. Froito das decisións do Partido Popular Galiza fica fóra, agás para actuacións *“de carácter excepcional, ..., sempre a súa relevancia e ou seu grado de avance o xustifiquen”* que nunca existen. Polo tanto, se ben anteriormente se nos tiña discriminado e se tiñan incumplido os



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 13:26
Nº Rexistro: 39520
Data envío: 31/10/2018 13:26:49.464

compromisos, no marco vixente até o presente ano estivemos directamente excluídos como país.

No mes de outubro de 2018 fíxose público que o goberno central e o sector da minaría do carbón firmaban un acordo para a transición xusta e o desenvolvemento sostíbel das comarcas mineiras. Porén, da análise dese só pode concluírse que, unha vez máis, Galiza ficará excluída dos seus beneficios; por exemplo Galiza fica sen dereito a axudas para infraestruturas e desenvolvemento económico. Esta é unha situación inaceptábel desde o punto de vista do país, máis aínda cando paira sobre as centrais térmicas a posibilidade dun peche nun prazo curto de tempo.

Por estes motivos formúlase a interpelación:

-Que vai facer a Xunta de Galiza para que o noso país non estea excluído do novo acordo marco da minaría 2019-2027?

-Ten avaliado o acordo citado o goberno galego? Con que conclusións?

-Ten avaliado o acordo citado o goberno galego cos concellos mineiros galegos afectados? E co sector mineiro galego? Con que conclusións?

-Participou o goberno galego de reunións para a elaboración deste novo acordo? En que datas?

-Presentou o goberno galego algún tipo de recurso ao respecto?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 13:26
Nº Rexistro: 39520
Data envío: 31/10/2018 13:26:49.464

-Considera xusto que Galiza fica sen dereito a axudas para infraestruturas e desenvolvemento económico?

-Ten avaliado o grao de cumprimento dos anteriores Plans? Que vai facer a respecto das débedas coas comarcas galegas?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2018 13:25:15

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2018 13:25:19



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 13:26
Nº Rexistro: 39520
Data envío: 31/10/2018 13:26:49.464

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2018 13:25:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2018 13:25:22

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2018 13:25:24

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2018 13:25:26

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte INTERPELACIÓN.

Varios dos técnicos principais que estiveron participando na construción e supervisión do Ave Ourense-Santiago veñen de declarar no Congreso dos Deputados que non leron o informe oficial do accidente de Angrois, no que morreron 80 persoas fai case cinco anos.

A investigación oficial sobre o accidente da curva foi emitido pola Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios (CIAF) do Ministerio de Fomento un ano despois da catástrofe. Nela centrouse toda a culpa no maquinista, como ben sabemos, co obxecto de evitar que se asumiran as responsabilidades políticas pertinentes por parte dos auténticos culpables do sucedido.

O informe da CIAF incluía ademais nove recomendacións cuxa finalidade era mellorar a seguridade ferroviaria, as cales ían dirixidas á Adif, Renfe e ao Ministerio de Fomento.

A Axencia Ferroviaria Europea defendeu que o informe non era independente, xa que a CIAF fora nomeada polo ministerio, pero avalou as recomendacións de seguridade.

As declaracións dos técnicos que participaron dalgún xeito no proxecto do Ave Ourense-Santiago foron as seguintes:

- Beatriz Sierra, enxeñeira industrial experta no sistema de control constante de velocidade ERTMS que traballa dende 2002 para a empresa pública INECO, dependente de fomento e encargada de supervisar a seguridade das liñas do Ave, manifestou que non coñecía o contido do informe do CIAF porque non o lera.
- Juan Olmedilla, técnico da unión temporal de empresas formada Thales e Dimetronic que se encarga de instalar os sistemas de seguridade na liña Ourense-Santiago dixo tamén que non lera o informe porque non estaba nas súas atribucións como coordinador de seguridade coñecelo.
- Pola súa banda, Alejandra Pérez Jiménez, técnica de Adif, empresa pública para a que supervisou a instalación do sistema ERTMS anterior á inauguración da liña de Ave Ourense-Santiago, afirmou que non coñecía o informe.

Así, cómpre preguntarse para que serve que a CIAF leve a cabo unha investigación e acade unhas certas conclusións en materia de seguridade se logo non se aplican no proxecto ferroviario máis ambicioso (polo seu nivel de investimento) da comunidade.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte Interpelación:

- 1.) Tiña constancia a Xunta de Galicia de que o persoal técnico que participaba na construción e supervisión do tren de altas prestacións Ourense-Santiago descoñecía, en moitos casos, as recomendacións de seguridade expostas no documento da CIAF?
- 2.) Que lle parece que os técnicos no leran o documento?
- 3.) Que opinión lle merece ao Goberno galego esta circunstancia?
- 4.) Para que serviu a elaboración do texto e, en particular, a exposición das recomendacións de seguridade?



5.) Pode confirmar que se teñen posto en marcha todas as actuacións necesarias para mellorar a seguridade dese tramo?

6.) Cales foron as medidas adoptadas?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 31/10/2018 17:06:30

Antón Sánchez García na data 31/10/2018 17:06:50

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**.

No que vai de 2018 morreron 77 persoas nas estradas galegas. Supéranse así as mortes en estrada do 2017 cando aínda faltan tres meses para final de ano.

O verán foi particularmente trágico. 33 foron os mortos nos meses de xuño, xullo e agosto. Setembro foi aínda peor, 15 persoas faleceron nun só mes: 6 en Pontevedra, 5 en A Coruña, 3 en Lugo e 1 en Ourense.

Estes datos quebran de maneira alarmante o descenso de accidentes nas estradas que observamos durante os pasados veráns. En setembro do 2014 houbo 12 mortos, 8 en 2015, 6 no 2016 e 4 no 2017.

Segundo os responsables de tráfico, en 2018 aumentaron as saídas da vía e os choques frontais por mor dos excesos de velocidade e das distraccións ao volante, a meirande parte delas xeradas polo teléfono móbil.

A seguridade viaria é unha responsabilidade de todos e non pode ser esquecida polas institucións. Non podemos relaxarnos polo mero feito de que durante anos as cifras de mortos descenderon. Cada morte é unha traxedia. Así, é urxente que dende as administracións se tomen medidas para mellorar a seguridade nas estradas.



Atendendo a este alarmante incremento de falecidas nas estradas galegas, e que chega nun contexto previo no que os datos de sinistralidade en Galicia xa se atopaban entre os máis altos do Estado, faise urxente actuar sobre esta cuestión.

Polo exposto, preséntase a seguinte Interpelación:

- 1.) A que se debe o incremento de mortalidade nas estradas galegas?
- 2.) Atendendo a estes resultados, segue a Xunta de Galicia apostando polo plan 2016-2020, prepara modificacións no mesmo ou a creación dun novo?
- 3.) Que actuacións concretas ten realizado a Xunta de Galicia para reducir a sinistralidade e o número de falecidas en Galicia estes tres anos de desenrolo do plan?
- 4.) Que está facendo ou vai a facer a Xunta de Galicia para reverter esta situación?
- 5) Que valoración fai a Consellería do estado da rede de estradas galegas en termos de seguridade?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 31/10/2018 17:21:31

Antón Sánchez García na data 31/10/2018 17:21:38



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:52
Nº Rexistro: 39563
Data envío: 31/10/2018 17:52:53.863

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

A Axencia Galega de Infraestruturas publicou no DOG, o pasado 6 de agosto de 2018, o Proxecto de mellora da seguridade viaria na contorna do treito de concentración de accidentes na estrada PO 331, do P.K. 11.200 ao P.K. 14.600.

Con data 18.9.2018, a Asociación Veciñal Galiñeiro de Vincios presentou un escrito de alegación ao Proxecto coas seguintes consideracións:

1) O citado Proxecto non ten en conta as necesidades de mobilidade das persoas usuarias da vía e residentes no lugar de Vincios.

2) Cuestiona as actuacións previstas nas interseccións e propón melloras e alternativas. Concretamente nas seguintes interseccións:

- Saída Monte Galiñeiro, P.K. 12.800
- Saída Atalaia, P.K. 12.900
- Intersección coa estrada do Salgueiro, P.K. 13.400
- Acceso ao Centro Cultural, P.K. 13.500



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:52
Nº Rexistro: 39563
Data envío: 31/10/2018 17:52:53.863

- Tanto na intersección coa estrada do Salgueiro como na de acceso ao Centro Cultural poderíanse habilitar carrís centrais para permitir xiros á esquerda.

- Intersección de acceso a Santa Lucía (P.K. 13.900) e intersección de acceso a Piñeiro (P.K. 13.940)

- Intersección de acceso ao barrio da Seca

3) O proxecto non ten en conta o impacto na contorna do incremento de itinerarios e tráfico no pequeno treito que vai desde a intersección da subida ao Galiñeiro ate a Glorieta de Santa Lucía.

4) O Proxecto non ten en conta as necesidades das persoas residentes na parroquia: dificulta os desprazamentos en vehículo dentro da mesma, dificulta a mobilidade peonil debido á distancia entre os pasos de peóns proxectados, e suprime espazos empregados actualmente para estacionamento.

5) A xustificación do Proxecto vén dada pola elevada concentración de accidentes neste treito. Cómpre ter en conta que a maior parte dos sinistros son por alcance, causados por exceso de velocidade, distraccións ou non respecto da distancia de seguridade.

O Proxecto non contempla ningunha medida específica para asegurar que os vehículos respecten os límites de velocidade. Tendo en conta que o obxectivo principal do Proxecto debe ser a redución de accidentes de tráfico, poderíanse establecer outras actuacións como semáforos accionados por velocidade, pasos de peóns elevados ou redución da velocidade máxima.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:52
Nº Rexistro: 39563
Data envío: 31/10/2018 17:52:53.863

De todo o anteriormente sinalado dedúcese que esta actuación crea na contorna unha barreira física que dificulta a mobilidade interna tanto para peóns como para vehículos, polo que o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte interpelación:

1. Vai tomar en consideración a Xunta de Galiza as alegacións presentadas pola Asociación Veciñal O Galiñeiro de Vincios a respecto do Proxecto de reforma da estrada PO 331?
2. Ten previsto a Xunta de Galiza adoptar medidas para a supresión ou o abaramento da peaxe da autovía AG-57?
3. Considera o goberno galego que o citado treito debe ter características de vía urbana ou como se pretende co citado Proxecto debe converterse nunha estrada convencional, creando un muro de división da parroquia e dificultando a mobilidade peonil e en vehículos?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:52
Nº Rexistro: 39563
Data envío: 31/10/2018 17:52:53.863

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2018 17:51:58

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2018 17:52:03

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2018 17:52:05

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2018 17:52:06

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2018 17:52:08

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2018 17:52:09

Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Jaime Castiñeiras Broz, Martín Fernández Prado, María Julia Rodríguez Barreira, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Diego Calvo Pouso ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia está a executar os investimentos necesarios para facer realidade o desdobramento do Corredor do Morrazo, co fin de materializar a conversión en autovía desta infraestrutura, estratéxica para o reforzo da seguridade viaria e a mellora da mobilidade de todos os veciños do Morrazo.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está a destinar a esta autovía a maior dotación orzamentaria dedicada a unha infraestrutura viaria na presente lexislatura.

O pasado mes de maio de 2017 puxéronse en servizo os dous primeiros treitos da autovía, 7,3 km, entre Rande e Meira.

Nestes momentos estase a traballar no terceiro treito, entre o enlace de Meira e o enlace de Cangas, cuxas obras comezaron en agosto do 2017, cunha previsión orixinal de remate no ano 2019.

Por todo o anteriormente exposto, e co obxectivo de que os veciños de toda a comarca do Morrazo dispoñan da información necesaria sobre a situación das obras e a previsión de posta en servizo do terceiro treito desta autovía libre de peaxe, chamada a vertebrar a mobilidade no Morrazo, os deputados e deputadas asinantes formulamos a seguinte pregunta oral en pleno:

-Cal é o estado actual de execución das obras do terceiro treito da Autovía do Morrazo e a previsión para a súa posta en servizo?

